

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

- 10588** *Real decreto 387/2021, do 1 de xuño, polo que se regula o réxime de certificación fitosanitaria oficial para a exportación de vexetais e produtos vexetais e se modifica o Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.*

A exportación de plantas e produtos agrarios de orixe vexetal constitúe un dos capítulos con maior relevancia do noso comercio exterior e ten unha decisiva importancia para o conxunto da economía española, en particular para o desenvolvemento da poboación rural pola súa contribución ás rendas agrarias.

As normas internacionais de medidas fitosanitarias (NIMF) da Convención internacional de protección fitosanitaria (CIPF) outorgan aos países importadores a facultade de estableceren os requisitos que deban cumprir os produtos de orixe vexetal que importen, de maneira que o seu *status* fitosanitario quede preservado. Pola súa vez, o país de procedencia de tales produtos debe garantir ante os destinatarios o cumprimento dos requisitos exixidos mediante a expedición de certificados fitosanitarios de exportación, cando así o requiran.

As disposicións establecidas nas normas internacionais de medidas fitosanitarias da Convención internacional de protección fitosanitaria, relativas a certificados fitosanitarios e sistemas de certificación convén que sexan atendidas e observadas.

O proceso de certificación para a exportación vén evolucionando a unha complexidade maior polas exixencias crecentes dos países de destino e porque nel se integran os diferentes axentes que interveñen, cuxos diferentes roles precisan dunha maior harmonización. Así, aínda que se avanzou na incorporación de sistemas telemáticos, aínda persisten determinados trámites e sistemas de xestión que poden simplificarse para mellorar o desenvolvemento e a expansión das exportacións de tales produtos.

Considerando que os potenciais beneficiarios presentan unhas características derivadas da súa dedicación profesional que permiten o emprego desa habilitación, tendo en conta, ademais, que pola normativa de control da PAC a maioría dos interesados xa teñen que empregar medios electrónicos para cumprir coas súas obrigacións de información e supervisión e en atención á súa vocación exportadora xa contan con equipamento habitual que permite as relacións electrónicas, establécese a obrigatoriedade de que a tramitación dalgúns destes procedementos se leve a cabo por medios electrónicos de conformidade co artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O sistema que se regula neste real decreto fundaméntase na mellora do servizo aos exportadores, no respecto ás competencias das diferentes autoridades fitosanitarias e á súa recíproca cooperación no exercicio das súas funcións, mediante mecanismos permanentes de coordinación e colaboración no proceso certificador, o que inclúe a regulación dos certificados previos á exportación ou dos certificados de reexportación.

A Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, dispón no seu artigo 12 que as inspeccións ou controis fitosanitarios de vexetais, produtos vexetais e outros que os requiran para a expedición dos certificados fitosanitarios de exportación se realizarán nos puntos de inspección fronteirizos ou noutros centros de inspección habilitados para isto polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, e que, como resultado de tales inspeccións e controis, se expedirá, cando proceda, o correspondente certificado fitosanitario de exportación. Así mesmo, recolle que, cando regulamentariamente se

estableza ou por exixencias dun terceiro país importador se requira realizar outras probas ou controis fitosanitarios previos, serán realizados pola propia Administración directamente ou por medio de entidades públicas ou privadas acreditadas para tal fin. A autorización destas entidades adécuase aos principios de necesidade e proporcionalidade que establece a Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, dada a importancia dunha comprobación previa pola Administración de que cumpren os requisitos exixidos.

Dentro do citado marco normativo, o sistema de certificación que regula este real decreto oriéntase, conforme establecen as normas internacionais de medidas fitosanitarias e se recolle nos acordos fitosanitarios subscritos polo Reino de España en aplicación delas, a satisfacer as exixencias dos terceiros países. Non obstante, cabe distinguir dous supostos no que á certificación fitosanitaria de exportación atinxe. No primeiro suposto encóntranse aqueles países de destino que establecen requisitos idénticos ou asimilables aos aplicados dentro da Unión Europea para determinados tipos de mercadorías, mentres que, no segundo, están aqueles outros que exixen requisitos fitosanitarios adicionais.

No primeiro suposto, as certificacións baséanse na actividade ordinaria do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, os inspectores dependentes do Ministerio de Política Territorial e Función Pública e dos servizos de sanidade vexetal das comunidades autónomas, na información dispoñible nas aplicacións informáticas e redes de comunicación das administracións e no propio sistema de autocontrol que os operadores xa están obrigados a levar a cabo de acordo coa normativa da Unión Europea, cuxa interacción establece *per se* un elevado nivel de garantía fitosanitaria.

Canto ao segundo caso, os certificados fitosanitarios deben garantir os requisitos complementarios exixidos polos países terceiros importadores, no marco de acordos específicos subscritos coa Unión Europea ou co Reino de España.

Entre os citados requisitos podemos citar a inscrición previa de parcelas de cultivo e produción, ou de instalacións de manipulación e acondicionamento, ou a aplicación de medidas fitosanitarias adicionais para a mitigación do risco con sistemas de autocontrol sometidos a auditorías documentais ou físicas por entidades auditoras ou axentes de control. Estes sistemas son de aplicación crecente no comercio internacional actual deste tipo de mercadorías.

Dada a sobrecarga de traballo que representa para as autoridades fitosanitarias das comunidades autónomas a expedición de atestacións que reflicten determinados controis ou condicións fitosanitarios que exceden a súa actividade habitual e os requisitos establecidos no marco europeo, en especial cando coinciden diversos períodos de exportación, cómpre prever a colaboración de axentes de control procedentes do sector privado que acrediten a capacidade técnica e os coñecementos necesarios e suficientes para poderen ser habilitados ou autorizados previamente para exercer esas funcións.

Para isto faise necesario, ademais, reforzar os sistemas de autocontrol, garantidos por unha entidade auditora ou axente de control autorizados para tal fin, de acordo co antes mencionado artigo 12 da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de modo que para cada envío poida evidenciarse que se recompilaron e analizaron, con carácter previo á expedición do certificado fitosanitario de exportación, todos os datos relevantes para asegurar a correcta rastrexabilidade dos produtos que se van exportar e o cumprimento de todos os requisitos tal como o exixa o país de destino e deba recollese no certificado fitosanitario de exportación.

Tivéronse en conta, igualmente, os artigos 100 a 102 do Regulamento (UE) 2016/2031 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de outubro de 2016, relativo ás medidas de protección contra as pragas dos vexetais; así como o Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2017, relativo aos controis e outras actividades oficiais realizados para garantir a aplicación da lexislación sobre alimentos e pensos, e das normas sobre saúde e benestar dos animais, sanidade vexetal e produtos fitosanitarios, para o cal o previsto nesta norma ten a consideración doutras actividades oficiais.

É necesario, ademais, ter en conta a lexislación actual vixente ao respecto, como o Real decreto 9/2015, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de hixiene na produción primaria agrícola, así como a rastrexabilidade das actuacións do produtor, de xeito que este real decreto se integre de modo harmónico no conxunto do ordenamento.

Para a debida coordinación de todas as administracións implicadas neste ámbito, adecuaranse as funcións e composición do grupo de traballo de comercio exterior constituído no seo do Comité Fitosanitario Nacional, regulado actualmente no artigo 18 do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, para abordar, entre outras materias, os criterios comúns de control e supervisión das entidades auditoras, axentes de control e laboratorios designados, o seu réxime de supervisión pola Administración ou a aplicación da normativa sobre sanidade vexetal na súa relación co comercio de exportación.

O Servizo de Inspección de Sanidade Vexetal en Fronteira (SISVF), como servizo oficial da Administración xeral do Estado e que depende funcionalmente do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e organicamente do Ministerio de Política Territorial e Función Pública, expedirá os certificados fitosanitarios de exportación que sexan exixidos polos terceiros países en función de cada mercadoría, logo de solicitude polo exportador. Para expedilos, o SISVF basearase na declaración responsable do operador, na documentación achegada pola persoa solicitante, nas atestacións fitosanitarias expedidas polos servizos de sanidade vexetal das comunidades autónomas ou polos técnicos competentes que fosen especificamente habilitados para o efecto como axentes de control, e nas súas propias actuacións de control, en función de cada caso. Os certificados fitosanitarios de exportación serán expedidos polos inspectores do SISVF, para os cales se establecen e regulan neste real decreto as súas facultades de actuación.

Todos estes aspectos requiren do necesario desenvolvemento regulamentario, que se aborda mediante este real decreto, que se dita ao abeiro da facultade de desenvolvemento normativo que outorga ao Goberno a disposición derradeira segunda da Lei 43/2002, do 20 de novembro. En todo caso, as políticas de privacidade contidas nos anexos do presente real decreto hai que entendelas sen prexuízo do inventario de actividades de tratamento de datos do ministerio, en virtude do previsto no artigo 31 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, en relación co disposto no artigo 30 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Na tramitación deste real decreto seguiuuse o procedemento establecido na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

A norma adécuase, así mesmo, aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En concreto, cumpre cos principios de necesidade e eficacia, pois trátase do instrumento máis adecuado para garantir que a normativa europea e internacional se aplica dun modo homoxéneo en todo o territorio nacional, o que garante o interese xeral. Tamén se adecua ao principio de proporcionalidade, pois non existe outra alternativa menos restritiva de dereitos ou que impoña menos obrigacións aos destinatarios e soamente se establece a mera intervención administrativa consistente na emisión do certificado fitosanitario e a autorización das entidades auditoras e axentes de control, así como dos centros de inspección e a autorización dos laboratorios. Canto aos principios de seguranza xurídica, transparencia e eficiencia, esta norma adécuase a eles pois é coherente co resto do ordenamento xurídico e procurouse a participación das partes interesadas, evitando cargas administrativas innecesarias ou accesorias.

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.10.^a e 16.^a, primeiro inciso, da Constitución, que reserva ao Estado a competencia exclusiva en materia de comercio exterior, e sanidade exterior respectivamente.

Na elaboración desta disposición emitiu o seu informe a Axencia Española de Protección de Datos e foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de xuño de 2021,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e finalidade.*

1. Este real decreto ten como obxecto:

a) Establecer o réxime e regular o procedemento da certificación fitosanitaria para a exportación a terceiros países (non pertencentes á Unión Europea) das mercadorías e produtos a que se refire o artigo 2, e establecer as funcións das autoridades competentes e dos axentes e entidades que interveñen nela.

b) Regular os requisitos específicos que deben cumprir as parcelas de produción e as instalacións que son orixe da exportación dos produtos suxeitos a certificación fitosanitaria e o sistema auditado de autocontrois a que deban someter o seu sistema de produción e manexo, as súas instalacións, procesos e produtos destinados á exportación, para obter os certificados fitosanitarios de exportación.

c) Regular as aplicacións informáticas e os rexistros xestionados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación neste ámbito.

d) Establecer os mecanismos de colaboración e coordinación entre as autoridades competentes na certificación fitosanitaria para a exportación; sen prexuízo das funcións asignadas ao Comité Fitosanitario Nacional e, en concreto, ao grupo de traballo de comercio exterior.

e) Establecer os requisitos que deben cumprir as instalacións que pretendan ser autorizadas para que as inspeccións fitosanitarias necesarias para a exportación e reexportación de vexetais e produtos vexetais destinados a países terceiros se realicen nelas. Igualmente, determínase o procedemento de autorización e a norma segundo os cales se desenvolverán as inspeccións.

2. Os fins deste real decreto son:

a) Reforzar as garantías fitosanitarias ofrecidas polo sistema de certificación para a exportación.

b) Mellorar a coordinación e as comunicacións entre as autoridades competentes.

c) Simplificar e axilizar os trámites administrativos para solicitar e obter os certificados fitosanitarios para a exportación.

d) Aplicar a administración electrónica ao sistema de certificación fitosanitaria para a exportación.

e) Facilitar a exportación agroalimentaria e contribuír á internacionalización das empresas do sector.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto aplícase á certificación fitosanitaria para a exportación de vexetais, produtos vexetais e outros obxectos, así como de calquera outro produto suxeito que, por exigencias do país importador, estea suxeito a ela.

2. O disposto neste real decreto entenderase sen prexuízo dos procedementos, requisitos e normas aplicables para a exportación dos produtos a que se refire o número 1 no ámbito aduaneiro, e das inspeccións e controis, distintos dos fitosanitarios, a que deban someterse tales exportacións.

3. Este real decreto tamén se aplica á certificación fitosanitaria para a exportación de vexetais e produtos vexetais regulados pola Orde do 12 de marzo de 1987 pola que se establecen para as Illas Canarias as normas fitosanitarias relativas á importación, exportación e tránsito de vexetais e produtos vexetais.

Artigo 3. *Definicións.*

1. Para os efectos deste real decreto serán de aplicación as definicións previstas no artigo 2 da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, e no artigo 2 do Regulamento (UE) 2016/2031 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de outubro de 2016, relativo ás medidas de protección contra as pragas dos vexetais, polo que se modifican os regulamentos (UE) n.º 228/2013, (UE) n.º 652/2014 e (UE) n.º 1143/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, e se derrogan as directivas 69/464/CEE, 74/647/CEE, 93/85/CEE, 98/57/CE, 2000/29/CE, 2006/91/CE e 2007/33/CE do Consello, e apoiaranse no glosario de termos fitosanitarios da Convención internacional de protección sanitaria (CIPF), así como as reflectidas no resto da normativa da Unión Europea, se for o caso.

2. Así mesmo, para efectos deste real decreto entenderase como:

a) Certificación fitosanitaria para a exportación: o sistema oficial polo que se garante o cumprimento dos requisitos fitosanitarios exixidos polos terceiros países e pola normativa nacional ou da Unión Europea, mediante a expedición de certificados fitosanitarios de exportación e, cando proceda, das atestacións fitosanitarias que serven de base para a súa expedición, así como de todas as actuacións previas á exportación que se requiran.

b) Certificado fitosanitario de exportación (CF): o documento oficial expedido polo Servizo de Inspección de Sanidade Vexetal en Fronteira que acredita, conforme a normativa nacional, a da Unión Europea, a do país de destino e os acordos adoptados oficialmente co país de destino, as condicións e requisitos que cumpren os produtos que se van exportar no momento da súa expedición.

c) Declaración adicional ou suplementaria (DA): as declaracións adicionais son parte da información contida nun certificado fitosanitario. Proporcionan información fitosanitaria adicional relativa aos organismos nocivos regulamentados, en función dos requisitos fitosanitarios específicos requiridos polo país de destino

d) Certificado fitosanitario de reexportación: o documento oficial expedido polo Servizo de Inspección de Sanidade Vexetal en Fronteira que acredita, conforme a normativa nacional, a da Unión Europea e os acordos adoptados oficialmente co país terceiro, as condicións e requisitos que cumpren os produtos que se van exportar no momento da súa expedición que previamente foron importados.

e) Copia certificada de certificado fitosanitario de exportación: unha copia certificada é unha copia do certificado fitosanitario orixinal que é validada (selada, datada e referendada) pola Organización Nacional de Protección Fitosanitaria (Servizo de Inspección de Sanidade Vexetal en Fronteira) para indicar que é unha representación fiel do certificado fitosanitario orixinal. Poderá expedirse por solicitude do exportador e non substitúe o orixinal. Tales copias utilízanse principalmente para fins de reexportación.

f) Atestación fitosanitaria (en diante, atestación): o documento emitido polo Servizo de Sanidade Vexetal da Comunidade Autónoma, por un axente de control autorizado se así está autorizado polas comunidades autónomas, que acredita o cumprimento de determinados requisitos exixidos para a exportación. Este documento está destinado ao

Servizo de Inspección de Sanidade Vexetal en Fronteira para que, con base nel e xunto coa actuación correspondente, permita realizar a declaración adicional ou suplementaria como parte da expedición do certificado fitosanitario de exportación.

g) Servizo de sanidade vexetal da comunidade autónoma (SSVCA): órgano oficial de inspección e control, e responsable das atestacións e do certificado previo de exportación, no seu ámbito competencial.

h) Axente de control (AC): técnico competente, oficialmente autorizado para emitir atestacións de cumprimento de requisitos fitosanitarios ou que reflectan o estado fitosanitario de produtos que se van exportar definidos no artigo 2, fóra de campañas específicas.

i) Servizo de Inspección de Sanidade Vexetal en Fronteira (SISVF): órgano oficial de inspección e control para expedir os certificados fitosanitarios para a exportación, no cal están integrados os inspectores competentes para expedilos e os funcionarios de apoio da Administración xeral do Estado que desempeñen a súa función baixo a dirección funcional do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación nas delegacións e subdelegacións de Goberno.

j) Certificado previo á exportación (CPE): documento oficial que acompaña un envío de mercadoría con destino a outro Estado membro da Unión Europea, para que as súas autoridades competentes poidan expedir a correspondente certificación fitosanitaria de exportación con destino a un terceiro país. O certificado previo á exportación é un documento oficial que reflicte o intercambio da información fitosanitaria necesaria como base para a expedición do certificado fitosanitario de exportación. Este intercambio de información realízase entre as autoridades competentes do Estado membro en que se cultivaron, produciron, almacenaron ou procesaron os vexetais, produtos vexetais e outros obxectos, e o Estado membro que expedirá o certificado fitosanitario para a exportación.

k) Exportador: o operador responsable da mercadoría que integra o envío que se vai exportar.

l) CEXVEG (comercio exterior de vexetais): sistema informático de xestión e apoio á certificación fitosanitaria oficial para a exportación dos produtos citados no artigo 2, accesible desde a sede electrónica do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (www.mapa.gob.es) e que, entre outras prestacións, dará soporte ao procedemento de certificación para a exportación, proporcionará información de utilidade aos operadores, servirá de apoio ao SISVF e ao SSVCA no exercicio das súas actuacións e como portelo electrónico para a xestión integral do proceso de certificación, desde a solicitude do exportador até a impresión, rexistro e expedición do certificado fitosanitario de exportación.

m) Entidades auditoras autorizadas: terceiros independentes que realizarán tarefas de apoio á autoridade competente nas actuacións de control no marco das campañas específicas de exportación, cando esta o considere necesario. A autoridade competente será con carácter xeral a comunidade autónoma.

n) Laboratorio designado: laboratorio público ou privado autorizado oficialmente para realizar probas e informes sobre vexetais e produtos vexetais en aplicación deste real decreto.

ñ) Campañas específicas de exportación: son as que se regulan con base en acordos bilaterais específicos cos países de destino ou mediante a aplicación de protocolos fitosanitarios ou outros requisitos exixidos polo terceiro país. En xeral, refírense a requisitos e actuacións que deben desenvolverse ao longo de todo o proceso de produción dos vexetais, desde a súa plantación ou sementeira até o seu acondicionamento para a exportación.

o) Manual de pautas xerais: documento en que se describen e detallan tanto o procedemento como as actuacións que comprende unha campaña específica de exportación.

p) Parcela de cultivo: parcela definida segundo o Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas (Sixpac), o cal permite identificalas xeograficamente segundo foron declaradas polos agricultores.

q) Instalación: espazo en que os vexetais e produtos vexetais, e outros obxectos, serán sometidos a calquera tipo de tratamento ou acondicionamento. Nestes espazos poderase levar a cabo a inspección e control fitosanitario de exportación e están previamente habilitadas para tal fin e autorizadas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para este fin, logo do cumprimento dos requisitos establecidos por este.

Artigo 4. *Autoridades competentes e órganos de coordinación.*

1. A Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación é a autoridade competente da certificación fitosanitaria oficial para a exportación e exerceraa, conforme este real decreto, a través do Servizo de Inspección de Sanidade Vexetal en Fronteira (SISVF), coa colaboración dos servizos oficiais de sanidade vexetal das comunidades autónomas (SSVCA),

2. En relación con este real decreto, á Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria correspóndenlle as seguintes competencias e funcións:

a) Promover e impulsar os acordos e protocolos fitosanitarios con terceiros países, orientados á expansión e desenvolvemento das exportacións dos produtos a que se refire o artigo 2, en colaboración coas demais autoridades competentes e as asociacións sectoriais.

b) Dirixir, xestionar e supervisar funcionalmente a actuación do SISVF e a certificación fitosanitaria de exportación, conforme o réxime regulado neste real decreto.

c) Prever, dentro do marco de funcións do Comité Fitosanitario Nacional, os sistemas e procedementos para a correcta aplicación deste real decreto, e velar por que a situación que se acredite nos certificados fitosanitarios de exportación se corresponda coa realidade.

d) Xestionar, desenvolver e manter o sistema CEXVEG en condicións de plena funcionalidade, garantindo o seu bo uso, o acceso de todas as persoas usuarias aos seus respectivos ámbitos de autorización e a confidencialidade dos datos individuais que conteña. Así, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación é o titular do CEXVEG e xestiónao a través da Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria.

e) Acreditar ante terceiros os membros do SISVF para que poidan exercer as súas funcións coas facultades que teñan conferidas; así como adoptar as iniciativas, resolucións e decisións necesarias para a súa formación continua, en colaboración co Ministerio de Política Territorial e Función Pública.

f) Manter e xestionar os rexistros regulados neste real decreto e autorizar as altas e baixas neles, nos casos en que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación sexa responsable da autorización

g) Programar, xestionar e supervisar o desenvolvemento e execución das campañas específicas e xerais de exportación.

h) Autorizar as entidades auditoras, no que se refire ao establecido nos artigos 6 e 8 deste real decreto, e realizarlles a auditoría.

i) Incluír dentro do marco de funcións do Comité Fitosanitario Nacional o réxime dos certificados previos á exportación, así como os procedementos que seguir e os modelos que empregar.

j) Levar a cabo a necesaria coordinación cos órganos competentes das comunidades autónomas no seo do Comité Fitosanitario Nacional.

k) As restantes que lle sexan conferidas por este real decreto ou por calquera outra disposición.

3. En relación con este real decreto, aos servizos de sanidade vexetal das comunidades autónomas correspóndenlles, ao menos, as seguintes funcións:

a) Colaborar coa Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria para a correcta aplicación deste real decreto e, en particular, a verificación do estado fitosanitario dos vexetais ou produtos vexetais cando teñen relación co lugar ou zona de produción, ou coas condicións durante a conservación ou o procesamento.

- b) Colaborar coa Dirección Xeral de Sanidade da Produción Agraria na execución das campañas específicas e xerais de exportación.
- c) Realizar a supervisión ás entidades auditoras.
- d) Autorizar os axentes de control cuxa actividade se desenvolva no ámbito xeográfico da súa competencia. Supervisar e auditar a actividade dos axentes de control autorizados, seguindo o disposto neste real decreto.
- e) Emitir o certificado previo de exportación segundo o establecido no artigo 21 e conforme as instrucións, protocolos ou pautas de desenvolvemento que se establecesen no grupo de traballo de comercio exterior constituído no seo do Comité Fitosanitario Nacional.
- f) As restantes funcións que lle sexan conferidas por este real decreto ou por calquera outra disposición.

4. A coordinación das autoridades competentes en materias propias deste real decreto realizarase no seo do Comité Fitosanitario Nacional, a través do grupo de traballo de comercio exterior, de acordo co disposto no artigo 18.4 d) do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a terceiros países.

CAPÍTULO II

Exportadores e titulares de parcelas e instalacións

Artigo 5. Obrigacións xerais e responsabilidades de exportadores, titulares das parcelas de cultivos e das instalacións.

1. Do exportador:

- a) Estar rexistrado na aplicación informática CEXVEG. Así mesmo, comunicar á Dirección Xeral de Sanidade da Produción Agraria e ao SSVCA calquera modificación na súa actividade, instalacións, procesos, autorizacións administrativas ou en calquera dos datos relevantes que teñan rexistrados no CEXVEG.
- b) En relación cos vexetais, produtos vexetais e outros obxectos que se propoña exportar, deberá coñecer e cumprir os requisitos fitosanitarios, documentais, de procedemento ou doutro tipo exixidos pola normativa española, da Unión Europea e, se for o caso, os establecidos polo país a que se destinen, e así o reflectirá mediante a declaración recollida na alínea b) do número 2 do artigo 16, que deberá acompañar obrigatoriamente a solicitude de exportación.
- c) Solicitar a través do CEXVEG, de acordo co establecido neste real decreto, os certificados fitosanitarios de exportación e as atestacións exixibles en función da mercadoría que se vaia exportar e do país de destino. O exportador achegará, ademais da declaración recollida na alínea b) do presente número, as atestacións oficiais e todos os documentos necesarios.
- d) Asumir as responsabilidades patrimoniais ou de calquera tipo que poidan serlle exixidas polas partes que se consideren prexudicadas, incluídas as autoridades competentes se os datos declarados ou os documentos achegados ao SISVF foren inexactos, incompletos ou falsos, ou así se comprobar con posterioridade; todo isto sen prexuízo da aplicación, se for o caso, das medidas cautelares ou do réxime sancionador previstos neste real decreto, e do exercicio polo propio exportador das accións oportunas fronte aos seus provedores ou outros operadores ou persoas que considere responsables ou corresponsables.
- e) Asumir a responsabilidade exclusiva dos prexuízos derivados por realizar exportacións sen ter obtido previamente o certificado fitosanitario de exportación, cando este sexa exixible, ou mediante certificados fitosanitarios de exportación falsos,

manipulados ou diferentes aos exixidos polas disposicións en vigor ou aos acordados oficialmente co terceiro país.

f) Comunicar o antes posible ao SISVF toda a información relevante relativa ás incidencias ou rexeitamentos das súas mercadorías polas autoridades do país de destino, xuntando os documentos de notificación recibidos daquelas.

g) Conservar ao dispor da autoridade competente durante un período mínimo de tres anos todos os rexistros e documentos relativos aos envíos de mercadorías exportadas que sexan necesarios para comprobar o cumprimento dos requisitos que se certificaron para a súa exportación, así como a súa correcta rastrexabilidade e os determinados neste real decreto.

h) Colaborar nas actuacións de comprobación, inspección ou control a que deban someterse en aplicación deste real decreto.

2. Das persoas titulares das parcelas de cultivos, e das instalacións, das cales son orixinarias, do vexetal ou produto vexetal elixible para ser exportado.

a) Estar rexistrado na aplicación CEXVEG cando así se estableza por este real decreto, para efectos de poder fornecer as correspondentes mercadorías ao exportador. Así mesmo, comunicar á Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria e ao SSVCA calquera modificación na súa actividade, instalacións, procesos, autorizacións administrativas ou en calquera dos datos relevantes que teñan rexistrados no CEXVEG.

b) Coñecer e aplicar os requisitos establecidos polo país de destino para as mercadorías que se propoña exportar.

c) Establecer e aplicar un sistema de autocontrois, o cal poderá ser requirido conforme o establecido neste real decreto.

d) Conservar ao dispor da autoridade competente, durante un período mínimo de tres anos, todos os rexistros e documentos relativos aos procesos de produción, conservación ou acondicionamento dos produtos exportados necesarios para acreditar o cumprimento dos requisitos que se certificasen para exportación, así como para establecer a súa correcta rastrexabilidade, e os determinados neste real decreto.

e) Colaborar nas actuacións de comprobación, auditoría, inspección e control a que deban someterse en aplicación deste real decreto.

CAPÍTULO III

Das entidades auditoras

Artigo 6. *Obrigacións e responsabilidades.*

As entidades auditoras deberán:

a) Estar autorizadas e rexistradas de acordo co establecido no artigo 7.

b) Ter un coñecemento satisfactorio dos protocolos ou acordos bilaterais, que determinan os requisitos fitosanitarios que deben cumprir os produtos que se van exportar no marco de campañas específicas de exportación, así como do procedemento para isto.

c) Revisar os sistemas de autocontrol das parcelas de cultivo e instalacións con que leven a cabo a súa actividade.

d) Realizar as actuacións de control relativas ás parcelas de cultivo e instalacións e o seu rexistro, ás condicións de orixe e produción do vexetal ou produto vexetal, ao seu acondicionamento ou procesamento (se for o caso), susceptible de ser exportado no marco de campañas específicas, de acordo coas condicións establecidas no protocolo ou acordo bilateral, cando así o establece a comunidade autónoma correspondente e baixo control e supervisión desta. Todas as actuacións deberán estar rexistradas no CEXVEG, en tempo e forma.

e) Conservar durante un prazo de tres anos, ao dispor da autoridade competente, os expedientes, documentos e datos relativos aos controis realizados, os informes e as declaracións emitidas, xunto coa súa documentación de base.

- f) Colaborar nas actuacións de supervisión ou auditoría a que deban someterse en aplicación deste real decreto.
- g) Realizar a toma de mostra, sen prexuízo das funcións propias do SSVCA e do SISVF, se estes así o establecen.
- h) Dispor dun programa para a verificación do cumprimento dos requisitos das campañas específicas de exportación. Este programa remitirase tanto á Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria como á comunidade autónoma correspondente, unha semana antes do inicio dos controis ao titular da parcela de cultivo ou da instalación para cada campaña. Este programa deberá conter como mínimo:
- 1.º Número e calendario de visitas.
 - 2.º Verificacións que se realizarán no campo: controis que se realizarán no campo, controis sobre pragas, caderno de explotación, rastrexabilidade.
 - 3.º Verificacións que se realizarán no almacén: controis na área de recepción, liña de manipulación, cámaras de frío, controis sobre pragas.
 - 4.º Incumprimentos e medidas correctoras.
- i) Comunicar os controis que se van realizar cun mínimo de dous días hábiles de anticipación á autoridade competente da comunidade autónoma onde vaia realizarse o control.
- j) Cumprir a vixente normativa de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 7. *Autorización e rexistro de entidades auditoras.*

1. As entidades auditoras serán autorizadas pola Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. A autorización terá eficacia en todo o territorio nacional e será expedida pola Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria, sempre que estas entidades cumpran, ao menos, os requisitos contidos no anexo I parte A.

O expediente de autorización iniciárase sempre a petición do interesado coa presentación da solicitude que conteña, ao menos, os datos do modelo que se recolle no anexo I parte A e a correspondente documentación xustificativa.

De conformidade co previsto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o procedemento tramitarase en todas as súas fases de maneira electrónica.

2. Estas autorizacións poderán estar ligadas a cada unha das campañas específicas de exportación (país e produto) por tempo indefinido, sempre que non cambien as condicións con base nas cales se autorizou de conformidade co número anterior e non se identifiquen incumprimentos.

O persoal técnico que realice as tarefas de control do cumprimento dos requisitos fitosanitarios debe estar inscrito no Rexistro Oficial de Produtores e Operadores (ROPO), na sección de asesoramento, segundo o establecido no artigo 42 do Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sustentable dos produtos fitosanitarios.

3. A Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación resolverá as solicitudes de autorización e notificará a súa resolución no prazo máximo de seis meses, contados desde que tivese entrada a solicitude no rexistro electrónico dese Ministerio, e, en caso de superarse este prazo sen se ter comunicado a resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender estimada a súa solicitude.

Contra a resolución da Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria, que non esgota a vía administrativa, caberá recurso de alzada ante a persoa titular da Secretaría Xeral de Agricultura e Alimentación, no prazo dun mes desde a súa notificación.

4. A Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria será o órgano competente para rexistrar as entidades auditoras autorizadas no CEXVEG. Manterá actualizado o dito rexistro segundo o establecido no artigo 34.

Artigo 8. *Plans de auditoría e supervisión ás entidades auditoras.*

1. As entidades auditoras estarán suxeitas a un procedemento de auditoría por parte do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e a un procedemento de control e supervisión de actividades por parte das comunidades autónomas.

2. A Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria establecerá un plan de auditoría para comprobar que se cumpren as obrigacións do artigo 6. A comunidade autónoma correspondente establecerá un plan de supervisión para comprobar a aplicación do plan de verificación en relación co cumprimento dos requisitos fitosanitarios das campañas específicas de exportación. Poderanse establecer acordos de colaboración entre o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as comunidades autónomas, mediante os procedementos que estableza o grupo de traballo de comercio exterior, no seo do Comité Fitosanitario Nacional.

Especificamente, a supervisión e auditoría dirixiranse ás actividades propias da campaña específica en que participen as entidades auditoras, no relativo ao cumprimento dos requisitos fitosanitarios destas.

CAPÍTULO IV

Dos axentes de control

Artigo 9. *Obrigacións e responsabilidades.*

1. Son obrigacións e responsabilidades dos axentes de control, alén de estaren autorizados e rexistrados de acordo co artigo 10, as seguintes:

a) Ter un coñecemento satisfactorio da normativa fitosanitaria aplicable aos produtos que se van exportar, así como dos procedementos, probas ou exames que deban efectuar antes de emitir a atestación.

b) Emitir atestacións fitosanitarias unicamente sobre aquilo que, dentro do alcance dos seus coñecementos profesionais, comprobaron directamente mediante prospeccións en campo ou mediante o uso de fontes, sistemas de información oficiais ou probas fitosanitarias, que estean aceptados oficialmente ou sexan de fiabilidade recoñecida. En todo caso deberán actuar con imparcialidade e baseándose en criterios técnicos obxectivos.

c) Realizar as actuacións de control necesarias para emitir as atestacións referidas na alínea b), relativas ás condicións de orixe e produción do vexetal ou produto vexetal susceptible de ser exportado, ao seu acondicionamento ou procesamento (se for o caso).

d) Absterse de asinar atestacións que estean incompletas.

e) Arquivar copias electrónicas de todas as atestacións expedidas e, se for o caso, das que serviron de base para expedilas, conservándoas como mínimo durante tres anos desde a data de expedición, así como dispor da información relativa ás atestacións emitidas no ano precedente no cal figure, ao menos, o número, produtos amparados, municipios de actuación e países de destino. Esta información deberá estar ao dispor da autoridade competente se esta así o require e estará conservada adecuadamente durante un período non inferior a tres anos. Esta información poderá completarse a dispoñible no CEXVEG.

f) Tramitar, con relación ás solicitudes dos exportadores, as atestacións fitosanitarias relativas ás declaracións adicionais ou suplementarias que correspondan, conforme o procedemento establecido, cando así o teña establecido a comunidade autónoma correspondente e baixo control e supervisión desta.

g) Asistir ás actividades de formación que programe a autoridade competente da comunidade autónoma en que vaian desempeñar o seu traballo e que lles permita ter coñecemento das especificacións dos actos e aspectos que se certifican, cando así o requira a comunidade autónoma.

h) Contar cun caderno de visitas e seguimentos de actuacións. Estes rexistros deberán estar ao dispor da autoridade competente se esta así o require, e estarán conservados adecuadamente durante un período non inferior a tres anos. Esta información poderá completar a dispoñible no CEXVEG.

i) Comunicar os controis que se van realizar a través do CEXVEG cun mínimo de dous días hábiles de anticipación, á autoridade competente da comunidade autónoma onde vaia realizarse o control.

j) Realizar a toma de mostras sen prexuízo das funcións propias do SSVCA e do SISVF, se estes así o establecen.

k) Cumprir a vixente normativa de protección de datos de carácter persoal.

l) Colaborar coas actuacións de auditoría e supervisión mencionadas no artigo 11.

2. Os axentes de control deben estar inscritos no Rexistro Oficial de Produtores e Operadores (ROPO), na sección de asesoramento, segundo o establecido no artigo 42 do Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sustentable dos produtos fitosanitarios.

Ademais, os axentes de control deben ter a competencia técnica suficiente no ámbito da protección vexetal, con formación nas materias de patoloxía vexetal, entomoloxía vexetal e forestal, e fitotecnia. Cumpren as condicións especificadas anteriormente as seguintes titulacións oficiais con plans de estudo anteriores ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES):

- a) Enxeñeiro agrónomo.
- b) Enxeñeiro técnico agrícola.
- c) Enxeñeiro de montes.
- d) Enxeñeiro técnico forestal.

Artigo 10. *Autorización e rexistro de axentes de control.*

1. Os axentes de control serán autorizados polos SSVCA das comunidades autónomas, sempre que cumpran, ao menos, cos requisitos contidos no anexo I, parte B. A autorización será de carácter autonómico, de modo que os axentes de control soamente poderán actuar nas comunidades autónomas en que están autorizados.

2. O expediente de autorización iníciase sempre a petición da persoa interesada coa presentación dunha solicitude ao SSVCA que conteña, ao menos, o reflectido no modelo de solicitude que se recolle no anexo I, parte B.

3. A comunidade autónoma poderá definir na autorización distintos ámbitos de actuación do axente de control, se así esta o considera.

4. Unha vez autorizados, os axentes de control serán inscritos de oficio pola comunidade autónoma no CEXVEG, sen prexuízo das actuacións previstas nos artigos 38 e 39.

Artigo 11. *Plans de auditoría e supervisión aos axentes de control.*

As autoridades competentes das comunidades autónomas establecerán un plan de auditoría e supervisión no seu territorio para comprobar o cumprimento das obrigacións do artigo 9.

CAPÍTULO V

Dos laboratorios

Artigo 12. *Obrigacións e responsabilidades.*

1. Os laboratorios designados deberán cumprir as obrigacións asociadas á designación como tales, segundo o establecido no procedemento xeral para a designación

de laboratorios nos ámbitos de control do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, así como as previstas nos números seguintes.

2. Os laboratorios designados, en todo caso, deberán:

a) Dispor da experiencia, o equipamento e a infraestrutura necesarios para a realización de análises, ensaios ou diagnósticos das mostras.

b) Contar con persoal suficiente coa cualificación, a formación e a experiencia adecuada.

c) Garantir que as tarefas encomendadas no marco da certificación de exportación se realizan de maneira imparcial.

d) Entregar en tempo oportuno os resultados da análise, ensaio ou diagnóstico efectuado coas mostras tomadas, no marco da certificación para a exportación.

3. Os laboratorios que realicen análises no marco da certificación para a exportación deberán utilizar os métodos seguintes para a preparación da mostra, as análises, os ensaios e os diagnósticos:

a) Os establecidos na normativa da Unión Europea.

b) De non existiren os anteriores, métodos que se axusten ás normas ou aos protocolos internacionalmente recoñecidos, ou os métodos pertinentes desenvolvidos ou recomendados polos laboratorios de referencia da Unión Europea.

c) De non existiren os anteriores, *métodos que cumpran as normas pertinentes establecidas a escala nacional*.

d) De non existiren as ditas normas nacionais, os métodos pertinentes desenvolvidos ou recomendados polos laboratorios de referencia nacionais, ou os métodos pertinentes desenvolvidos e validados con estudos de validación de métodos realizados polo laboratorio ou entre varios laboratorios conforme protocolos científicos aceptados a escala internacional.

4. Os laboratorios deberán gardar a confidencialidade dos datos, documentos e feitos adquiridos ou coñecidos no exercicio das súas funcións e en cumprimento da normativa vixente.

5. A preparación da mostra realizarase segundo o establecido no procedemento definido polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, no marco da certificación para a exportación, no marco previsto no Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2017.

6. Os laboratorios designados deberán remitir anualmente á comunidade autónoma a relación de todas as análises realizadas, onde conste a técnica utilizada, a entidade responsable da remisión da mostra e o diagnóstico final.

7. Os laboratorios designados terán que comunicar de forma inmediata á comunidade autónoma onde estea fisicamente o laboratorio e onde se tomase a mostra calquera resultado positivo relacionado con pragas de corentena do país de destino ou da Unión Europea. Nesta comunicación como mínimo reflectiranse os datos de identificación da mostra e a información mencionada no punto anterior.

Artigo 13. *Designación e rexistro de laboratorios.*

1. Os laboratorios que realicen análises no marco da certificación para a exportación deberán estar designados segundo o establecido no procedemento xeral para a designación de laboratorios nos ámbitos de control do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, no marco do Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2017, relativo aos controis e outras actividades oficiais realizados para garantir a aplicación da lexislación sobre alimentos e pensos, e das normas sobre saúde e benestar dos animais, sanidade vexetal e produtos fitosanitarios. Este procedemento estará dispoñible na páxina web do departamento unha vez que se dite mediante resolución do órgano competente do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

A autoridade competente encargada da designación é a comunidade autónoma onde radique o laboratorio e, por tanto, o laboratorio deberá dirixir a solicitude para a designación a esa autoridade competente segundo o establecido no mencionado procedemento xeral.

2. A comunidade autónoma remitirá á Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a lista dos laboratorios designados. Desta información xerárase un rexistro de laboratorios designados que participan na certificación de exportación de vexetais e produtos vexetais, que será responsabilidade do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Artigo 14. *Plans de auditoría dos laboratorios designados.*

As comunidades autónomas organizarán auditorías dos laboratorios designados, con regularidade e en calquera momento que consideren que é necesaria unha auditoría, salvo no caso de que tales auditorías se consideren superfluas, segundo o establecido no procedemento xeral para a designación de laboratorios nos ámbitos de control do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que será facilitado polo citado ministerio.

CAPÍTULO VI

Procedemento para expedir os certificados fitosanitarios de exportación ou reexportación. Tipos de declaracións adicionais

Artigo 15. *Certificado fitosanitario de exportación ou reexportación.*

1. Para exportar as mercadorías incluídas no ámbito deste real decreto será necesario dispor dun certificado fitosanitario de exportación expedido polo SISVF, cando este certificado fitosanitario sexa exixido polas autoridades fitosanitarias do país de destino ou pola normativa nacional ou da Unión Europea.

Este certificado só se expedirá cando o terceiro país de destino así o exixa. Non obstante, poderá solicitarse, aínda que non sexa exixible, pero en tal suposto non serán de aplicación os prazos previstos neste real decreto e serán expedidos así que for posible, sen interferir na normal prestación do servizo.

2. Os certificados fitosanitarios expídense para avalar que os vexetais, os produtos vexetais ou outros artigos regulamentados cumpren os requisitos fitosanitarios dos países importadores e están conformes coa declaración de certificación.

3. En todo caso, os requisitos fitosanitarios acreditados referiranse á boa condición fitosanitaria do envío e á ausencia de pragas corentenarias para o país de destino no envío en cuestión, así como que o envío se axusta ás disposicións fitosanitarias vixentes no país importador, incluídas as relativas a pragas non corentenarias regulamentarias. Non obstante, se o país de destino así o require, poderán incluírse declaracións adicionais, de acordo co establecido neste real decreto, en disposicións específicas establecidas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, ou por exixencias do terceiro país de destino.

4. O certificado fitosanitario de exportación ou reexportación estará expedido en papel se así o exixe o terceiro país, ou en soporte electrónico no resto dos casos, conforme o modelo oficial vixente que corresponda, e acompañará o envío no momento de solicitude de entrada no país de destino.

Artigo 16. *Solicitude do certificado fitosanitario.*

1. O procedemento iníciase cando o exportador presente ao SISVF a correspondente solicitude.

Todas as solicitudes se presentarán de forma electrónica a través do CEXVEG, aplicación conectada ao rexistro electrónico do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, accesible na súa sede electrónica (www.mapa.gob.es), de acordo cos termos previstos no artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento

administrativo común das administracións públicas, en atención á capacidade económica ou dedicación profesional dos exportadores.

A solicitude deberá quedar formalizada e rexistrada no CEXVEG cunha anticipación de, ao menos, 24 horas en porto e 12 horas en aeroporto, á presenza física da mercadoría para que poida, se for o caso, ser inspeccionada polo SISVF. Se a mercadoría non se pon ao dispor do SISVF para a súa posible inspección física no posto de control (PCF) de sanidade vexetal, senón nunha instalación autorizada, o prazo será de, ao menos, 2 días hábiles.

No caso de campañas específicas de exportación, este prazo poderá variar atendendo ás características particulares das campañas e quedará determinado, se for necesario, no manual de pautas xerais dispoñible no CEXVEG.

2. Xunto coa solicitude presentada electronicamente, o exportador achegará ao SISVF actuante, a través do CEXVEG, os documentos seguintes:

a) Os acreditativos da representación, cando o exportador sexa unha persoa xurídica ou a solicitude estea subscrita por un representante do exportador. Non obstante, se a representación xa consta rexistrada no rexistro previsto no artigo 6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou no CEXVEG, non será necesario reiterala.

Cando a persoa solicitante sexa representante aduaneiro que teña a condición de operador económico autorizado para efectos aduaneiros, presumirase a representación do exportador en cuxo nome actúe.

O exportador poderá verificar en todo momento as representacións que teña rexistradas no CEXVEG e, logo de solicitude ao SISVF, poderá actualizalas ou rectificalas, salvo que actúe a través dun representante aduaneiro.

Así mesmo, cando a persoa solicitante sexa un ente público que actúe a través dos seus representantes legais e a exportación se realice no marco dun programa de axuda humanitaria, quedará eximido da presentación dos documentos acreditativos da representación.

En todos os casos, o exportador deberá quedar plenamente identificado como tal na solicitude.

b) En todos os casos, unha declaración responsable do exportador, segundo o modelo que estableza a Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria, para os efectos establecidos no artigo 69.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, na cal manifieste coñecer e cumprir os requisitos fitosanitarios no país de destino e garantir a rastrexabilidade da partida, e indique que, de acordo coa información que se acha no seu poder, a partida cumpre todos os requisitos exixidos, así como que coñece estes, que dispón da documentación que así o acredita e que a porá ao dispor da Administración cando lle sexa requirida. Os requisitos fitosanitarios poderán ser reflectidos na declaración, sen prexuízo de achegar a documentación que os xustifique conforme a alínea d). O modelo de declaración conterá a información reflectida no anexo IV.

c) As atestacións fitosanitarias e os boletíns analíticos dos laboratorios designados en que se amparan as declaracións adicionais exixidas polo país de destino, segundo sexan os requirimentos deste. A declaración responsable non substitúe as atestacións fitosanitarias e estas deben ser presentadas segundo sexan os requisitos do país de destino, se for o caso.

d) No caso de que o exportador dispoña da documentación do país de destino en que se xustifican as declaracións adicionais, deberá achegala traducida no caso de que non estea dispoñible oficialmente en español. No caso de que non dispoña desta información, a responsabilidade sobre esta cuestión quedará recollida expresamente na declaración responsable mencionada na alínea b).

3. Excepcionalmente, cando unha incidencia técnica imposibilitase presentar ou tramitar a solicitude a través do CEXVEG, ampliaranse os prazos para resolver polo mesmo tempo que dure a citada incidencia técnica, de acordo co artigo 32.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4. Para efectos do cómputo dos prazos de expedición dos certificados fitosanitarios de exportación establecidos no artigo 20, non se considerará completada a solicitude até se ter entregado ao SISVF toda a información e documentación necesarias para expedir o certificado fitosanitario de exportación solicitado.

En caso de que non se xunte toda a documentación requirida ou que esta non sexa a correcta, o SISVF requirirá á persoa solicitante que a complete ou emende no prazo máximo de 10 días segundo o establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. O requirimento realizarase a través da aplicación CEXVEG. Transcorrido o prazo sen que se completase ou emendase totalmente a documentación, entenderase que a persoa solicitante desistiu dela, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e o procedemento darase por finalizado; de maneira que, se aínda estiver interesado na operación, o exportador terá que volver rexistrar unha nova solicitude.

5. O exportador poderá consultar o estado do seu expediente no CEXVEG, así como a información adicional requirida, se for o caso.

6. Cada solicitude recibida quedará rexistrada no CEXVEG, así como a documentación que a acompañe e a adicional que sexa presentada polo exportador, o seu representante ou os axentes de control.

Artigo 17. Acreditación no certificado fitosanitario do cumprimento dos requisitos exixidos polo país de destino.

1. A acreditación do cumprimento dos requisitos fitosanitarios exixidos polo país de destino poderá ser determinada polo SISVF ou o SSVCA, segundo corresponda, ou conforme o disposto neste real decreto, por axentes de control, entidades auditoras ou laboratorios designados, mediante algunha ou varias das seguintes opcións:

a) A declaración responsable do exportador establecida na alínea b) do número 2 do artigo 16.

b) A atestación fitosanitaria que recolla literalmente, segundo corresponda ao ámbito competencial respectivo, os requisitos exixidos polo país de destino, conforme o establecido na alínea c) do número 2 do artigo 16.

c) Os resultados analíticos de laboratorios designados.

d) Cando así proceda en función dunha análise de risco ou das exigencias do terceiro país de destino, a inspección física por parte do SISVF do envío que vai ser exportado, no referente ás condicións fitosanitarias que poidan ser verificadas mediante a inspección física deste e as probas fitosanitarias pertinentes.

2. En caso de que sexa unha campaña específica de exportación, segundo se define no capítulo VII desta norma, será de aplicación o disposto no número anterior, ben que:

a) A acreditación do cumprimento de requisitos do país de destino segundo acordo ou protocolo estará reflectido xa na aplicación CEXVEG, no módulo de campañas específicas, polo que non será necesaria información ou actuación adicional por parte da comunidade autónoma alén das actuacións reflectidas no manual de pautas xerais da campaña específica de exportación e incluídas no CEXVEG, salvo en casos de cambio de estado fitosanitario ou alerta fitosanitaria de acordo coa lexislación vixente, ou interceptacións no país de destino, e

b) A acreditación do cumprimento da condición fitosanitaria relativa á orixe da mercadoría, sistema de manexo do cultivo, produción e acondicionamento do produto corresponderá só á comunidade autónoma por si mesma, ou mediante a validación da actuación e control da entidade auditora, se for o caso.

3. A acreditación do cumprimento doutros requisitos relativos ao envío, tales como tratamentos, poderá ser realizada directamente polo SISVF, sempre que a información necesaria para a súa comprobación estea dispoñible a través dos rexistros e sistemas de

información do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou doutros a que teña acceso, no marco das competencias asignadas.

4. En todo caso, cando sexa necesaria a realización dun tratamento de frío en orixe como medida fitosanitaria de mitigación do risco, este sempre será realizado en instalacións frigoríficas autorizadas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para tal fin. No momento de inicio do tratamento de frío, o inspector do SISVF poderá precintar a instalación se o considera necesario. Este tratamento en orixe considerarase finalizado cando o inspector do SISVF desprezinte a cámara, se for o caso, e comprobe que as lecturas cumpren cos parámetros de duración e temperatura que establece o tratamento de frío. A realización de tratamento de frío en tránsito realizarase en contedores ou adegas homologados para tal fin. Os inspectores do SISVF certificarán o inicio do tratamento de frío en tránsito e os contedores e adegas poderán ser precintados, se for o caso. Nalgúns casos, e logo de consulta e acordo co Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, as actuacións de verificación e control poderán ser realizadas por un axente de control, sen prexuízo da ulterior actuación do inspector do SISVF con base nelas.

5. En caso que sexa necesaria a realización de probas fitosanitarias relativas a análises de laboratorio previas á exportación do vexetal ou produto vexetal, tales probas deberán ser realizadas por laboratorios designados segundo o establecido neste real decreto e a toma de mostras será realizada polo SSVCA, o SISVF ou un axente de control, ou tamén por unha entidade auditora no caso de campaña específica de exportación. A toma de mostras quedará reflectida nunha ficha que conteña, ao menos, a información segundo o establecido no procedemento xeral para a designación de laboratorios nos ámbitos de control do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que se remitirá ao laboratorio designado. As mostras recollidas serán precintadas e o número de identificación do precinto reflectirase na información que previamente se comunique ao laboratorio. O laboratorio recibirá as mostras e comprobará o número de identificación do precinto, deixando constancia da rotura do precinto xa no laboratorio.

6. O proceso de tramitación de emisión dun certificado fitosanitario de exportación, incluíndo a acreditación do cumprimento dos requisitos fitosanitarios exixidos polo país de destino, xestionarase de forma integral a través do CEXVEG. Para este fin, o CEXVEG proporcionará funcionalidades e perfís aos axentes de control, ás entidades auditoras, ao SSVCA, ao SISVF, aos laboratorios designados e aos operadores.

Artigo 18. *Tipos de declaracións adicionais ou suplementarias.*

1. Con carácter xeral será de aplicación o artigo 17 deste real decreto, coas especificacións que se describen a seguir.

2. As declaracións adicionais incluídas nos certificados fitosanitarios poden facer referencia, segundo o exixido polo terceiro país de destino, a:

a) Condicións fitosanitarias do envío: dispor da acreditación do cumprimento dos requisitos fitosanitarios exixidos polo país de destino será responsabilidade do operador; con base na declaración responsable a que se fai referencia na alínea b) do número 2 do artigo 16. Para comprobar a veracidade da declaración poderanse realizar controis físicos do envío de acordo co procedemento establecido no artigo 19. Poderase acordar coas comunidades autónomas e axentes de control a atestación previa daquelas condicións en que, debido á latencia ou outra condición fitosanitaria relevante dalgúns organismos nocivos, se requira unha actuación previa, sempre que sexa posible e en casos determinados e acordados previamente, con obxecto de axilizar o proceso de exportación. Estes casos serán avaliados e acordados no grupo de traballo de comercio exterior constituído no seo do Comité Fitosanitario Nacional.

b) Probas analíticas: en caso de que o país de destino requira análises oficiais ou que as características do organismo nocivo indiquen a necesidade de comprobar a súa ausencia, será necesaria a actuación dun laboratorio designado.

c) Condicións fitosanitarias relativas á orixe e produción do vexetal ou produto vexetal, ao seu acondicionamento ou procesamento (se for o caso): a atestación será

responsabilidade da comunidade autónoma correspondente. Esta atestación poderá ser realizada polo SSVCA ou polos axentes de control autorizados se así o establece a comunidade autónoma.

d) Condicións fitosanitarias relativas á ausencia de organismos nocivos en territorio español: se o requisito alude á ausencia do organismo nocivo en España, a certificación será responsabilidade do SISVF con base na información oficial.

Se o requisito alude á ausencia do organismo na área, zona, lugar ou sitio de produción, a certificación ou atestación será responsabilidade da comunidade autónoma correspondente, sempre que o organismo nocivo estea presente no territorio español.

3. As declaracións adicionais deben corresponder con literalidade aos requisitos fitosanitarios exixidos polo país de destino, para evitar rexeitamentos e interceptacións en destino que poidan afectar o normal desenvolvemento das exportacións. En caso de non poder certificar ou testemuñar algunha das condicións requiridas, comunicárase á Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria, que valorará a posible negociación co país de destino para a modificación do requisito fitosanitario.

4. A xestión das declaracións adicionais realizarase a través da funcionalidade do CEXVEG destinada para tal fin. As comunidades autónomas deberán solicitar a alta e achegar os datos necesarios para usala. A información que recibe o SISVF para a elaboración da declaración adicional será en forma de atestacións e sempre debe provir das comunidades autónomas ou dos axentes de control nos casos en que as comunidades autónomas o teñan establecido, a través do CEXVEG, nos supostos do número 2 deste artigo.

5. No caso de campañas específicas, a atestación da comunidade autónoma estará xa integrada no CEXVEG, segundo sexa a campaña específica de exportación.

En todo caso, poderase acordar algunha variación do procedemento anterior entre o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as comunidades autónomas, en casos determinados e cunha motivación suficiente, mediante acordo ao respecto entre o ministerio e a comunidade ou comunidades autónomas de que se trate.

6. O procedemento da declaración adicional mencionada neste artigo será o previsto para a certificación fitosanitaria regulada neste capítulo.

Artigo 19. *Inspeccións físicas e de identidade.*

1. O SISVF levará a cabo inspeccións físicas e de identidade dos envíos suxeitos a certificación de exportación de acordo co procedemento establecido polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, no cal se establecerá a maneira de realizalos e a frecuencia.

2. A frecuencia dos controis realizarase con base no risco, poderá ser diferente por produtos, orixes ou destinos e non poderá ser inferior ao 1 %, ben que todas as partidas serán sometidas a control documental.

3. En caso de que nas inspeccións se detecten incumprimentos, procederase a revisar, en caso necesario, a frecuencia daquelas. En caso de incumprimentos, poderá establecerse unha frecuencia reforzada e específica para un operador determinado.

4. O SISVF sempre poderá realizar unha inspección física ou de identidade se dispón de información ou sospeita sobre o posible incumprimento dos requisitos fitosanitarios dun envío en concreto. En canto non se estableza o procedemento recollido no número 2, ou non exista para un produto ou destino específico, a frecuencia será con carácter xeral do 10 % e, ao menos, un envío por produto e destino e PCF.

5. As actuacións de control fitosanitario realizaranse nas dependencias do posto de control en fronteira (PCF onde estea radicado o SISVF, ou en centros autorizados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para tal fin, de acordo co establecido no capítulo VIII deste real decreto e na normativa vixente).

Se o desprazamento a estes centros ocasionase gastos de acordo co Real decreto 462/2002, do 24 de maio, será preciso o consentimento previo do Ministerio de Política Territorial e Función Pública sobre o desprazamento que se vai realizar.

6. As ditas inspeccións realizaranse por decisión do SISVF a través da aplicación CEXVEG. A comunicación entre o SISVF e o operador no referente á documentación necesaria, requirimentos, tipo de inspección que se realice e posicionamento da mercadoría será a través do CEXVEG.

7. No ámbito de aplicación deste real decreto, toda persoa física ou xurídica queda suxeita ao deber de colaboración co SISVF, en cumprimento do artigo 18 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e está obrigada a proporcionar, a requirimento desta, os datos e informacións de que dispoña e que poidan resultar necesarios co obxecto e finalidade da inspección. Este prazo será de dez días desde que se notifique o requirimento, salvo que pola natureza do solicitado e as circunstancias do caso o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación fixe de forma motivada un prazo diferente.

Artigo 20. *Expedición de certificados fitosanitarios.*

1. En canto non se teña expedido o certificado fitosanitario, o exportador poderá desistir da súa solicitude.

2. Realizados os controis e analizada toda a información xerada, o inspector actuante do SISVF procederá, segundo corresponda, a expedir o certificado fitosanitario ou denegar a expedición, o que quedará reflectido no CEXVEG.

O certificado fitosanitario para a exportación deberá axustarse á descrición e ao formato do modelo que figura na parte A do anexo VIII do Regulamento (UE) 2016/2031 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de outubro de 2016.

3. Tanto a expedición do certificado como a comunicación ao exportador do rexeitamento faranse, segundo os casos, dentro dos prazos que seguidamente se especifican, contados a partir da data en que se comunicou a presenza física da mercadoría para inspección, se for o caso, e quedará reflectido na aplicación CEXVEG.

a) Con carácter xeral, se o control de identidade ou físico se realiza nas instalacións do posto de control en fronteira (PCF), completárase dentro do día hábil seguinte ao da presentación da mercadoría, segundo o réxime horario de prestación de servizos do PCF. Se o inspector debe desprazarse a centros de inspección autorizados ou instalacións autorizadas exteriores onde se encontre a mercadoría, o prazo ampliarase a 2 días hábiles, que poden incrementarse por causas xustificadas.

b) No caso de que por causas non imputables ao exportador sexa necesario exceder eses prazos, o inspector actuante deberá xustificalo por escrito e notificalo ao exportador, propóndolle, cando for viable, alternativas para evitar, ou reducir no posible, os prexuízos económicos derivados da espera da mercadoría, sempre nun prazo non superior a cinco días hábiles.

En todo caso, os prazos computaranse desde que a documentación presentada polo exportador sexa considerada completa polos inspectores, de acordo co previsto no artigo 16.4. Se así non o for, no prazo máximo de tres días requirirase o exportador para que, no prazo máximo de dez días, presente a documentación exixible en cada caso, con advertencia de que, en caso de non presentala, se terá por desistido da súa solicitude.

4. Cando o inspector actuante do SISVF expida unha proposta de rexeitamento, o exportador poderá presentar ante el, no prazo máximo de 10 días, as alegacións que considere convenientes e achegar a documentación adicional que precise. Recibidas as alegacións, volverá iniciarse novamente o cómputo do prazo que corresponda conforme o número precedente, dentro do cal o inspector do SISVF, se a documentación achegada é conforme, emitirá o correspondente certificado fitosanitario de exportación ou, polo contrario, se esta non for conforme, adoptará a súa resolución final e comunicará ao exportador a través do CEXVEG.

En caso de que o exportador non presentase alegacións dentro do prazo, entenderase que desiste da súa solicitude e a proposta de rexeitamento será considerada resolución final. Este procedemento quedará rexistrado no CEXVEG de modo accesible para o exportador.

Contra a resolución final do SISVF, ou en caso de silencio, que terá sentido desestimatorio, o exportador poderá interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Dirección Xeral de Sanidade da Produción Agraria do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, no prazo dun mes, contado desde a data da entrega do certificado fitosanitario de exportación ou desde a da comunicación da resolución final de rexeitamento do SISVF.

Igualmente, se non se dita e notifica resolución expresa, o exportador poderá entender desestimada a súa solicitude e interpor o citado recurso de alzada ante a mesma autoridade.

5. A expedición do certificado fitosanitario de exportación farase en formato electrónico ou en soporte papel, segundo exixencias e acordo co país de destino.

A expedición en papel será a través do CEXVEG, mediante a impresión numerada sobre papel normalizado do modelo que corresponda, totalmente completado, sen que se poida emendar o seu contido nin ningún dos seus elementos. Este papel será xestionado e subministrado ao SISVF exclusivamente para este fin pola Dirección Xeral de Sanidade da Produción Agraria.

A expedición en formato electrónico farase de acordo coas normas internacionais, comunitarias e nacionais que regulan tanto o formato de contido e datos como a sinatura electrónica.

Unha vez expedido, o certificado fitosanitario de exportación será entregado ao representante do exportador ou estará dispoñible a través da aplicación CEXVEG, segundo sexa formato físico ou electrónico.

6. Os certificados fitosanitarios de exportación acompañarán o envío na entrada da mercadoría no país de destino ou seguiranse as disposicións ao respecto do país de destino no caso de certificados en formato electrónico. Estes certificados son inviolables e quedarán invalidados no caso de que sufrisen cambios ou alteracións no seu contido ou en calquera das súas partes ou elementos.

7. Se o exportador estiver interesado en anular un certificado fitosanitario de exportación, presentará ante o SISVF que o emitiu unha solicitude motivada a través do CEXVEG, xunto co documento orixinal do certificado a que se refira. Se o orixinal estiver en poder das autoridades doutro país, poderase requirir ao exportador a presentación de documentación oficial do devandito país importador ou outra documentación xustificativa suficiente.

8. No caso de que sexa necesario modificar ou engadir algún elemento novo a un certificado fitosanitario de exportación, o exportador deberá solicitar a través do CEXVEG a súa anulación e substitución. Para isto achegará, se for o caso, a documentación oficial do terceiro país na cal se detallen as circunstancias que xustifiquen a necesidade de substituílo. E acompañarase tamén do certificado fitosanitario de exportación orixinal ou de documentación oficial do país importador, ou, na súa falta, doutra documentación xustificativa suficiente.

Artigo 21. *Expedición de certificados previos á exportación.*

1. A emisión do certificado previo de exportación corresponderá aos servizos de sanidade vexetal das comunidades autónomas (SSVCA). O modelo de certificado previo de exportación conterá, ao menos, a información do anexo III e, en todo caso, será o establecido na parte C do anexo VIII do Regulamento (UE) 2016/2031 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de outubro de 2016.

Os axentes de control non poderán expedir o certificado previo de exportación.

A tramitación e xestión dos certificados previos de exportación poderá realizarse de forma integral no CEXVEG, se así o acorda o grupo de traballo de comercio exterior, no seo do Comité Fitosanitario Nacional.

2. As comunidades autónomas soamente incluírán no certificado previo de exportación a información relativa á zona de produción e á orixe da partida, no relativo ao cumprimento da normativa da Unión Europea ou outros requisitos fitosanitarios que poidan

ser exixidos. Outras cuestións relativas, así como o procedemento de emisión, poderanse determinar no seo do Comité Fitosanitario Nacional.

3. No caso de que a información que deba incluír o certificado previo de exportación inclúa información relativa á situación fitosanitaria do país, no seo do Comité Fitosanitario Nacional establecerase o sistema de acceso á información e os criterios que permitan aos SSVCA realizar esa atestación.

Artigo 22. Facultades de actuación dos inspectores e coordinadores do SISVF, deberes e formación.

1. As actuacións de control e inspección que leve a cabo o SISVF serán realizadas por funcionarios públicos que, no exercicio das súas funcións, terán a condición de axentes da autoridade.

2. Os certificados fitosanitarios de exportación expedidos, e as actas levantadas polos inspectores do SISVF, terán o carácter de documento público e, salvo que se acredite o contrario, farán proba dos feitos que neles se recollan. Estes documentos soamente poderán ser expedidos polos inspectores e coordinadores rexionais do SISVF, como funcionarios públicos tecnicamente cualificados e habilitados para tal función de conformidade coa normativa vixente.

3. Os inspectores e coordinadores deben ter a competencia técnica suficiente no ámbito da protección vexetal, con formación nas materias de patoloxía vexetal, entomoloxía vexetal e forestal e fitotecnia. Cumpren as condicións especificadas anteriormente as seguintes titulacións oficiais con plans de estudo anteriores ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES):

- a) Enxeñeiro agrónomo.
- b) Enxeñeiro técnico agrícola.
- c) Enxeñeiro de montes.
- d) Enxeñeiro técnico forestal.

4. Os inspectores e coordinadores do SISVF que estean debidamente acreditados pola Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria exercerán as súas funcións de inspección, control e certificación no marco deste real decreto, coas facultades seguintes:

- a) Verificar a documentación que lles fose presentada e requirir os documentos adicionais que consideren necesarios.
- b) Identificar e comprobar a rastrexabilidade e o estado fitosanitario, de acordo co establecido por este real decreto e, en especial, o establecido no artigo 19.
- c) Acceder ás mercadorías, locais, instalacións ou medios de transporte relacionados co envío para o cal se solicitou o certificado fitosanitario de exportación.
- d) Reter, na medida en que sexa necesario, a mercadoría do envío sometido a control polas causas e prazos establecidos neste real decreto.
- e) Precintar almacéns, instalacións, depósitos ou medios de transporte na medida en que sexa necesario para a inspección ou para garantir a integridade da mercadoría a que se refire o certificado.
- f) Requirit ao representante do exportador nas actuacións de verificación e control as explicacións que consideren necesarias sobre as actividades, itinerarios, procesos, materiais ou documentos relacionados co obxecto e finalidade da inspección, e deixar constancia das súas respostas.
- g) Tomar mostras das mercadorías sometidas a control, así como das súas materias primas ou dos seus lugares de procedencia, para realizar as comprobacións que sexan necesarias.
- h) Levantar acta en que se reflectan as actuacións realizadas, a información requirida e a obtida e os feitos constatados.

5. Os inspectores e coordinadores do SISVF e todas aquelas persoas que tomen parte nas actuacións de control, inspección ou tramitación (axentes de control, persoal de

laboratorio e de auditoras) dos certificados fitosanitarios de exportación deberán gardar a confidencialidade sobre os feitos e de cantas informacións de natureza confidencial tivesen coñecemento e que, pola súa natureza, estea amparada no segredo profesional de acordo coa normativa nacional ou da Unión Europea. Así mesmo, deberán gardar a confidencialidade sobre tales actuacións os que as coñezan por razón de profesión, cargo ou intervención como parte, mesmo despois de cesaren nas súas funcións.

A Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria poderá estender esa obrigação de confidencialidade a outros documentos que formen parte do expediente dos procedementos administrativos relativos á emisión de certificados fitosanitarios relativos ás exportacións.

O mencionado persoal estará obrigado a recibir regularmente a formación precisa para estar ao día na actualización dos seus coñecementos para poder realizar de maneira adecuada as súas funcións, de acordo co que para o efecto prevexa a Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria.

Así mesmo, no marco da correspondente planificación, o dito persoal suxeitarase ás supervisións que acorden as autoridades centrais ou periféricas, de modo que se asegure que as súas actividades se están levando a cabo de acordo cos plans, procedementos e instrucións establecidas mediante un proceso de avaliación continua, o que poderá dar lugar, se for o caso, a medidas oportunas. O resultado desas auditorías internas será obxecto dun exame independente, que se levará a cabo de maneira transparente.

CAPÍTULO VII

Campañas específicas de exportación

Artigo 23. *Das campañas específicas de exportación.*

1. Cando se subscriban acordos entre a Unión Europea ou o Reino de España con un ou varios terceiros países nos cales se establezan requisitos fitosanitarios ou doutra natureza diferentes aos recollidos nas disposicións da Unión Europea para a exportación dos vexetais e produtos vexetais a que se refire o artigo 2, ou cando algún terceiro país exixa tales requisitos mediante a aplicación dun acordo bilateral ou protocolo específico, a Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria programará e xestionará campañas específicas de exportación conforme este real decreto.

En particular, aplicarase este réxime de campañas específicas de exportación cando os requisitos fitosanitarios exixidos se refiran ás diferentes fases do proceso produtivo ou de comercialización (producción, almacenaxe, acondicionamento, transporte, etc.) ou ben se proxecten a períodos de tempo prolongados, previos ao momento da exportación propiamente dita ou, mesmo, cando afecten ámbitos ou sistemas produtivos determinados e, especialmente, cando, ademais, se requiran para a exportación determinados instrumentos organizativos ou financeiros *ad hoc*.

2. Nos supostos recollidos no número 1, ou noutros que poidan presentar similar complexidade, a Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria elaborará un manual de pautas xerais que incluírá todos os procedementos necesarios para participar nesas campañas. Elaborarase un manual diferente para cada campaña específica. Este manual será modificado cando cambien os requisitos acordados co terceiro país. Tamén poderá ser modificado cando sexa necesario para mellorar a súa aplicación.

3. En todo caso, as solicitudes para participar nas campañas específicas de exportación cursaranse electronicamente a través do CEXVEG, accesible na páxina web do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (www.mapa.gob.es) de acordo co previsto no artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, en atención á capacidade económica ou dedicación profesional dos exportadores, e así quedarán rexistradas no CEXVEG.

4. Após a inscrición provisoria das parcelas, almacéns e demais instalacións que se soliciten estando en produción a campaña, realizaranse as comprobacións necesarias e a Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria do Ministerio de Agricultura Pesca e

Alimentación adoptará as correspondentes relacións definitivas de parcelas e instalacións autorizadas para participar en cada campaña de exportación, e así quedará reflectido no CEXVEG.

Con carácter xeral, e salvo que o manual de procedemento estableza o contrario, o procedemento de inscrición deberá repetirse co inicio da campaña.

5. Non obstante, cando así se preveza no acordo alcanzado polo Reino de España ou a Unión Europea co terceiro país, a inscrición só suporá que a Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria proporá ao país terceiro importador a relación de parcelas e almacéns inscritos como candidatos para exportar determinados produtos. O país importador, con base nas comprobacións que tiver practicado ou con base en incidencias fitosanitarias en destino, elaborará a súa propia relación de parcelas e almacéns autorizados para participar nunha campaña específica de exportación. A Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria actualizará as súas relacións correspondentes, mantendo nelas soamente os aceptados polo país importador e sen prexuízo dos que poidan incorporarse no futuro nas condicións establecidas.

6. O CEXVEG soamente permitirá a emisión de certificados fitosanitarios de exportación para os binomios produto/países suxeitos a acordo ou protocolo se as parcelas ou instalacións están autorizadas para exportar segundo as condicións anteriormente definidas.

7. Cando así se recolla no protocolo ou acordo de exportación, o terceiro país de destino poderá propor por decisión propia a modificación das relacións de parcelas ou instalacións autorizadas nas campañas específicas de exportación.

Artigo 24. *Sistema auditado de control de campañas específicas.*

1. As parcelas de cultivo e as instalacións que pretendan participar en campañas específicas de exportación deberán someterse a auditoría e controis por parte das autoridades competentes da comunidade autónoma. Sen prexuízo do establecido no artigo 7.1, as autoridades competentes das comunidades autónomas, no seu ámbito territorial, poderán decidir para cada campaña específica de exportación se a actuación de inspección se realiza mediante entidades auditoras ou con medios propios.

Así mesmo, a entidade auditora estará obrigada a manter informada a comunidade autónoma e a Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria dos resultados da auditoría mediante a presentación de informes detallados polo auditor, coa estrutura e contido que se estableza e emitidos periodicamente segundo o establecido no manual de pautas xerais de cada campaña específica de exportación. A canle de comunicación será a aplicación CEXVEG e os ditos informes deberán reflectirse en tempo e forma nesa aplicación.

2. A auditoría do sistema de autocontrol e, se for o caso, o control levaranse a cabo de acordo coas normas e procedementos técnicos aplicables en cada caso, en cumprimento das condicións fitosanitarias establecidas en cada campaña específica de exportación segundo determinasen os órganos competentes.

3. Nos casos en que o resultado da auditoría sexa desfavorable, o operador non poderá solicitar certificados fitosanitarios de exportación para o país ou produto a que se refira a campaña específica até que, após unha nova auditoría, se certifique o cumprimento dos requisitos exixidos nela.

4. Os resultados dos informes de auditoría a que se refire este artigo teranse en conta, así mesmo, para efectos da permanencia da parcela ou almacén como inscritos na campaña específica correspondente.

5. O grupo de traballo de comercio exterior, no seo do Comité Fitosanitario Nacional, estudará a estrutura e contido mínimo dos informes de auditoría e a vinculación dos seus resultados ao réxime de permanencia nas campañas específicas de exportación.

Artigo 25. *Actuacións nas campañas específicas de exportación.*

1. As entidades auditoras, de acordo co artigo 12.2 da Lei 43/2002, do 20 de novembro, e tendo en conta o número 1 do artigo 24 deste real decreto, serán as responsables de auditar e verificar que as parcelas de cultivo e as instalacións interesadas en exportar dispoñen dun sistema de autocontrol que lles permita garantir o cumprimento dos requisitos fitosanitarios exixidos por cada país importador para determinados vexetais e produtos vexetais. Se for o caso, poderán realizar tamén actividades de control segundo os requisitos fitosanitarios exixidos.

Todo o anterior quedará debidamente rexistrado no CEXVEG, de acordo co establecido en cada campaña específica de exportación, no módulo de campañas específicas de exportación.

2. A Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria poderá establecer directrices para garantir que as entidades auditoras apliquen criterios homoxéneos nas súas actuacións e para que, sen prexuízo do establecido neste artigo, presten a colaboración que lles sexa requirida polas autoridades competentes.

CAPÍTULO VIII

Autorización de instalacións para a realización nelas da inspección de exportación

Artigo 26. *Tipos de instalacións.*

1. As actuacións de control fitosanitario realizaranse con carácter xeral nas dependencias do posto de control en fronteira (PCF) onde estea radicado o SISVF. Non obstante, poderanse tamén realizar en centros habilitados e autorizados pola Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria para tal fin, de acordo coa normativa vixente e o presente real decreto. Se o desprazamento a eses centros ocasiona gastos de acordo co Real decreto 462/2002, do 24 de maio, será preciso o consentimento previo do Ministerio de Política Territorial e Función Pública sobre a realización do desprazamento.

2. En función das características dalgúns vexetais, produtos vexetais e outros produtos e atendendo á particular loxística dalgunhas mercadorías, establécense os seguintes tipos de instalacións:

a) Almacéns de confección de froita e hortaliza: a froita ou hortaliza é recibida do campo de cultivo e sométese a distintos procesos para conformar o envío para exportación.

b) Viveiros: a planta viva ou material de reprodución é sometido a distintos procesos para conformar o envío para exportación.

c) Plantas deshidratadoras de forraxe: a forraxe é recibida do campo de cultivo e sométese a distintos procesos para conformar o envío para exportación.

d) Serradoiro ou almacén de madeira: a madeira en forma de troncos con e sen casca, se for o caso, é recibida da corta de árbores e sométese a distintos procesos e almacénase, para conformar o envío para exportación.

e) Instalacións frigoríficas para realizar tratamento de frío en orixe: cámaras frigoríficas que albergan a mercadoría que debe someterse a un tratamento de frío como medida de mitigación.

As cámaras para realizar tratamento de frío que se autoricen deberán estar ligadas a un almacén autorizado nas condicións que establece este real decreto, ou dispor das mesmas instalacións e medios que permitan a realización da inspección de exportación.

f) Outras instalacións para realización doutros tratamentos ou acondicionamentos de material vexetal: calquera outra instalación que realice algún tipo de tratamento térmico (xa sexa prearrefriamento ou tratamento con calor), ou calquera outro tratamento ou acondicionamento necesario no ámbito da sanidade vexetal.

Artigo 27. Requisitos para obter a autorización.

1. As instalacións a que se refire o artigo 26.2, para seren autorizadas, deberán cumprir en todo caso os seguintes requisitos:

- a) Dispor dun lugar adecuado para poder realizar a inspección.
- b) Dispor de instrumental adecuado para realizar as inspeccións fitosanitarias que se requiran.
- c) Dispor dun técnico con cualificación académica igual, ao menos, á exixida aos inspectores fitosanitarios oficiais, se for o caso.
- d) Ter ao dispor do SISVF persoal e medios suficientes de carga e descarga da mercadoría.

2. Os requisitos das instalacións citados no número anterior serán os reflectidos nas listas de comprobación que conteñan, ao menos, a información do anexo II parte A, sen prexuízo dos requisitos adicionais que, segundo o produto ou o destino, poidan ser establecidos polos terceiros países de destino, os cales se farán públicos a través da páxina web do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. No caso da instalación definida no artigo 26.f), os requisitos serán establecidos pola Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria con base no tratamento ou acondicionamento que se vaia realizar.

Artigo 28. Procedemento de autorización e rexistro.

1. As persoas titulares das instalacións interesadas na obtención de autorización para que as inspeccións fitosanitarias a que se refire o artigo 26 se realicen nas súas instalacións deberán solicitalo á persoa titular da Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria a través da súa sede electrónica ou polos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, mediante unha solicitude que conteña, ao menos, a información do anexo II parte B, e xuntarán tamén os seguintes documentos:

- a) Memoria xustificativa dos envíos que previsiblemente vaian efectuarse con indicación de produtos, orixes e destinos.
- b) Enderezo de cada instalación (abondará unha solicitude para as instalacións situadas nunha mesma provincia). Número de rexistro sanitario, número de inscrición no Rexistro Oficial de Produtores, Comerciantes e Importadores de Vexetais (ROPCIV) ou número do rexistro que corresponda segundo a actividade desenvolvida na instalación.
- c) Descrición do instrumental e instalacións fitosanitarias ao dispor da empresa en cada unha das instalacións. Planos das instalacións.
- d) Designación dun técnico responsable para o seguimento dos controis fitosanitarios na instalación.
- e) Programa de control fitosanitario na instalación.
- f) Datos de contacto: teléfono e correo electrónico da persoa técnica responsable.
- g) Informe xustificativo de cumprimento da normativa vixente de seguranza e saúde nos lugares de traballo.

2. A Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria, a través do SISVF, realizará as comprobacións oportunas para verificar o cumprimento das condicións e, por tanto, valorar se procede a autorización da instalación.

Se para que o SISVF realice as comprobacións for necesario un desprazamento a esas instalacións que ocasione gastos de acordo co Real decreto 462/2002, do 24 de maio, cumprirá consentimento previo do Ministerio de Política Territorial e Función Pública sobre a realización do desprazamento.

3. En caso de detectarse deficiencias emendables, o inspector responsable, con coñecemento do coordinador da zona, farao constar nun informe de deficiencias no cal se poderá establecer un período de emenda, que non poderá ser superior aos 2 meses, salvo no caso de que esta emenda requirise actuacións de obra maior ou outra actuación que demande un prazo superior. Baseándose no devandito informe de deficiencias, a Dirección

Xeral de Sanidade da Produción Agraria comunicará esta situación á empresa responsable da instalación e notificaralle a posibilidade de emendar e o prazo de que dispón. En caso de deficiencias con posibilidade de emenda, indícaranse as deficiencias na casa correspondente da lista de comprobación, así como o prazo de emenda estimado.

4. En virtude de todo o anterior, o SISVF fará constar as súas conclusións finais mediante o modelo de informe que conterá, ao menos, a información que figura no anexo II – parte C.

5. En virtude das comprobacións efectuadas e da documentación achegada, a Dirección Xeral de Sanidade da Produción Agraria resolverá e notificará ao interesado a resolución favorable ou desfavorable, a cal será notificada á persoa interesada no prazo de 10 días segundo o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

O prazo máximo para ditar a resolución será de seis meses desde a entrada da solicitude no Rexistro do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e, transcorrido este ser terse ditado e notificado aquela, poderase entender estimada a solicitude.

Contra a resolución, que non é firme en vía administrativa, poderá interperse recurso de alzada ante a persoa titular da Secretaría Xeral de Agricultura e Alimentación, no prazo dun mes desde a notificación.

6. Nos casos de renovación das autorizacións, estas dirixiranse igualmente ao director xeral de Sanidade da Produción Agraria seguindo a mesma vía establecida no número 1 e volvendo presentar toda ou parte da documentación requirida no citado número 1 se for necesario por cambios nas condicións iniciais que motivaron a primeira autorización.

7. A Dirección Xeral de Sanidade da Produción Agraria levará un rexistro das instalacións autorizadas que estará dispoñible no CEXVEG.

Artigo 29. *Contido da autorización.*

1. As autorizacións terán a duración que se determine na resolución, que non poderá ser superior a catro anos, e poderán ser renovadas por solicitude do interesado unha vez transcorrido o período de duración fixado, sempre que se sigan cumprindo as condicións establecidas ou modificacións destas segundo o disposto neste real decreto.

2. O ámbito da autorización poderá limitarse ás inspeccións que se vaian realizar en relación coa exportación ou reexportación de determinados produtos, ou a que o envío se pretenda efectuar a determinados países, tendo en conta o seu estado fitosanitario.

Artigo 30. *Período de emenda.*

Sen prexuízo do anterior, en caso de incumprimento dos requisitos establecidos no artigo 27, poderá establecerse un período de emenda en función da gravidade e alcance do incumprimento. A duración do prazo de emenda será determinada polo SISVF e se, despois dese prazo de emenda, non se corrixisen os incumprimentos, pasaríase a unha situación de suspensión temporal ou definitiva.

Artigo 31. *Realización da inspección de exportación.*

1. As inspeccións de exportación e reexportación realizaranse de acordo co procedemento establecido neste real decreto e coa normativa vixente.

2. A persoa técnica responsable da instalación autorizada realizará, se for o caso, controis na instalación, independentemente dos que realicen os inspectores do SISVF e de acordo coas instrucións que en tal sentido lles sexan impartidas por estes. A persoa técnica responsable deberá estar presente na instalación onde se leve a cabo a inspección fitosanitaria oficial, nos casos en que previamente sexa requirida polo SISVF.

3. O SISVF poderá planificar as actuacións agrupando estas segundo criterios técnicos e loxísticos, así como establecer un calendario para elas. A realización da inspección estará sempre supeditada á dispoñibilidade de recursos do SISVF correspondente.

Artigo 32. *Instalacións situadas baixo control aduaneiro.*

Soamente no caso de que as instalacións propias de PCF ou dos centros autorizados pola Dirección Xeral de Sanidade da Produción Agraria non sexan suficientes temporal ou espacialmente, poderase considerar a autorización de instalacións situadas baixo control aduaneiro, dentro do recinto aduaneiro ou asociadas a el, e distintas ás descritas no artigo 26.2, que alberguen directamente os envíos que van ser exportados. Esta situación reflectirase nun informe do SISVF, sen prexuízo de todo o disposto nos artigos 27 a 31, que tamén serán aplicables para as instalacións en recinto aduaneiro ou asociadas a el.

CAPÍTULO IX

Programas de control e rexistros

Artigo 33. *Programa anual de control de procedementos e supervisión de instalacións.*

1. A Dirección Xeral de Sanidade da Produción Agraria, no ámbito das súas competencias e sen prexuízo do réxime xeral de controis oficiais previstos na normativa da Unión Europea, establecerá un programa de control con carácter anual co obxecto de comprobar a correcta aplicación do establecido neste real decreto e, en especial, que as partidas exportadas cumpren os requisitos exixidos polos países importadores.

Este programa basearase nunha mostraxe de partidas establecida conforme criterios acordados coas autoridades competentes.

O programa poderá diferenciar entre a certificación para campañas específicas e o resto de certificación de exportación.

2. En función dos datos obtidos na execución do programa de control poderanse establecer ou modificar as porcentaxes xenéricas de inspección física e as específicas, así como a súa posible modificación en función do risco e das avaliacións das declaracións responsables presentadas polos operadores.

3. O programa anual citado será aprobado pola Dirección Xeral de Sanidade da Produción Agraria, dentro do último trimestre de cada ano, con base en criterios de risco establecidos e da análise de risco dos datos do ano anterior. A súa execución levarase a cabo, se for o caso, mediante o recoñecemento e mostraxe das mercadorías que se van exportar e o seu desenvolvemento e resultados serán recollidos nunha memoria. Tanto a fase de programación como a memoria de execución e resultados serán sometidas ao grupo de traballo de comercio exterior, con carácter previo á súa aprobación e difusión, respectivamente.

4. No marco do programa anual de controis, a Dirección Xeral de Sanidade da Produción Agraria poderá incluír as comprobacións administrativas e sobre o terreo que sexan necesarias para verificar o correcto funcionamento do sistema auditado de autocontrois e executaraas, se for o caso, de maneira coordinada con outras autoridades competentes.

5. O programa de control poderá incluír a supervisión das instalacións autorizadas con base na aplicación deste real decreto e da restante normativa vixente.

Artigo 34. *Rexistros.*

1. A fin de implantar a través do CEXVEG a xestión integral da certificación fitosanitaria para a exportación, a Dirección Xeral de Sanidade da Produción Agraria creará e manterá neste ámbito os rexistros de usuarios seguintes:

a) Rexistro de exportadores, que causarán alta de oficio cando sexan acreditados polo director xeral de Sanidade da Produción Agraria, logo do correspondente procedemento, e baixa cando cesen no SISVF ou lles sexa retirada a acreditación.

A Dirección Xeral de Sanidade da Produción Agraria poderá dar de baixa de oficio no rexistro os exportadores que durante un período de 3 anos non solicitasen a expedición de

ningún certificado fitosanitario de exportación, logo da tramitación do procedemento correspondente, que incluíra a audiencia ao interesado.

b) Rexistro de parcelas de cultivo e instalacións para campañas específicas de exportación de acordo co establecido no capítulo VII deste real decreto.

c) Rexistro de inspectores e coordinadores do SISVF, que causarán alta cando sexan acreditados polo director xeral de Sanidade da Producción Agraria, e baixa cando cesen no SISVF ou lles sexa retirada a acreditación.

O rexistro nutrirase da información propia da Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria, da que lle sexa subministrada polas delegacións e subdelegacións do Goberno e da que se vaia xerando polas actuacións certificadoras do inspector ao abeiro deste real decreto. En todo caso, é necesario o rexistro da sinatura ou rúbrica do inspector ou coordinador por parte do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, e a acreditación destes pola citada dirección xeral.

d) Rexistro de certificados fitosanitarios para a exportación.

e) Rexistro dos técnicos dos servizos de sanidade vexetal oficiais das comunidades autónomas que realicen as certificacións ou atestacións requiridas previamente para a expedición de certificados fitosanitarios de exportación. Será notificado polas autoridades competentes das comunidades autónomas e terá como finalidade permitir o acceso ao sistema informático para realizar as actuacións establecidas neste real decreto. As autoridades competentes das comunidades autónomas deberán comunicar as baixas e altas de maneira inmediata para manter actualizado o rexistro e dar seguranza ao sistema.

f) Rexistro de axentes de control autorizados neste real decreto, para a realización das atestacións previas requiridas para a expedición de certificados fitosanitarios de exportación. Será notificado polas autoridades competentes das comunidades autónomas e terá como finalidade permitir o acceso ao sistema informático para realizar as actuacións establecidas neste real decreto. As autoridades competentes das comunidades autónomas deberán comunicar de maneira inmediata as baixas e altas para manter actualizado o rexistro e dar seguranza ao sistema.

g) Rexistro de entidades auditoras autorizadas, que serán rexistradas de oficio pola Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria, no momento de seren autorizadas.

h) Rexistro de laboratorios designados polas comunidades autónomas.

i) Rexistro de instalacións autorizadas para realizar as inspeccións de exportación diferentes aos PCF.

2. Os citados rexistros non serán de acceso público, ao conteren datos relativos aos intereses económicos e comerciais das empresas, así como datos de carácter persoal, sen prexuízo de que cada comunidade autónoma, empresa, inspector, axente de control, entidade auditora ou laboratorio terá acceso aos datos que xerese ou aos propios. En todo caso, o acceso realizarase respectando a confidencialidade da información e o seu uso estará limitado ao exercicio das funcións respectivas correspondentes á actividade profesional do consultante.

CAPÍTULO X

Incumplimentos, medidas cautelares, extinción de autorizacións e réxime sancionador

Artigo 35. *Baixa ou suspensión de exportadores, parcelas e outros operadores.*

1. Os exportadores e os titulares das parcelas e instalacións autorizados para exportar que estean afectados por unha incidencia fitosanitaria ou polo incumprimento dos requisitos establecidos poderán ser dados de baixa do rexistro correspondente ou suspendidos para exportaren na campaña vixente, de acordo co establecido neste real decreto, ben como consecuencia dunha decisión do país importador ben por decisión motivada da Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria, para evitar pór en perigo o conxunto da campaña de exportación. Esta baixa ou suspensión poderá prolongarse ás

campañas seguintes, até que se determine a posible causa e se establezan medidas de corrección ou mitigación que permitan garantir o cumprimento das condicións exixidas.

2. A Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria poderá, de maneira motivada, declarar a suspensión da inscrición nunha ou varias campañas específicas de exportación ou impedir a exportación de todos ou parte dos produtos a que se refiran nos seguintes casos, sempre en función da correspondente análise de risco:

a) Cando concorra algunha situación para a cal así estea previsto na normativa nacional ou da Unión Europea, en especial ante a detección dun organismo de corentena nas instalacións ou nas parcelas de procedencia dos produtos, ou outro cambio de estado fitosanitario significativo ou que afecte os requisitos exixidos polo país de destino; ou por incumprimentos moi graves da normativa fitosanitaria previstos na normativa nacional ou da Unión Europea.

b) Se o sistema auditado de controis ou os informes das entidades auditoras autorizadas, do SSVCA ou do SISVF, constataren unha anomalía ou un incumprimento emendable na parcela ou no almacén. En todos os casos porase en coñecemento da Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria.

c) Cando o país importador rexeite un envío ou leve a cabo a interceptación da mercadoría por motivos fitosanitarios graves.

d) Por decisión motivada da Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria, de oficio ou por solicitude do país importador en canto manteña a decisión, ou da autoridade competente en materia de sanidade vexetal da comunidade autónoma onde radique a parcela ou instalación inscrita.

e) Por solicitude dos titulares ou dos operadores responsables da inscrición da propia parcela ou instalación, ou por inactividade constatada referida á campaña específica de exportación.

3. As decisións de suspensión e de baixa terán efecto a partir do día seguinte ao da súa notificación á persoa titular ou responsable da inscrición na campaña específica de exportación, ou ao seu representante. Estas decisións, que non esgotarán a vía administrativa, poderán impugnarse en alzada ante a persoa titular da Secretaría Xeral de Agricultura e Alimentación.

A suspensión será levantada pola Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria cando desaparezan as causas que a motivaron ou se leven a cabo medidas de mitigación do risco que garantan o cumprimento das condicións establecidas. Todo isto debidamente xustificado en informes realizados para tal fin polo SISVF, o SSVCA, o axente de control ou a entidade auditora segundo corresponda en cada caso.

Artigo 36. *Extinción ou suspensión das autorizacións de instalacións.*

1. Sen prexuízo das sancións que poidan imporse ás empresas como consecuencia da comisión de infraccións tipificadas consonte a normativa vixente, o incumprimento dos requisitos e das obrigacións establecidas neste real decreto poderá dar lugar á suspensión dos efectos da autorización ou á extinción da autorización, mediante resolución motivada da Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria, no ámbito da aplicación do presente real decreto.

Ademais, a suspensión dos efectos da autorización suporá a baixa temporal no rexistro correspondente e a extinción da autorización suporá a baixa definitiva no rexistro correspondente.

A suspensión ou baixa no rexistro poderá estar igualmente motivada cando existan causas fitosanitarias xustificadas que así o exixan conforme o artigo 35.

2. A baixa, temporal ou definitiva, no rexistro correspondente suporá a imposibilidade de exportar.

3. As decisións de suspensión ou de baixa definitiva terán efecto a partir do día seguinte ao da súa notificación á persoa titular ou responsable da inscrición na campaña específica de exportación ou ao seu representante. Estas decisións, que non esgotarán a

vía administrativa, poderán impugnarse en alzada ante a persoa titular da Secretaría Xeral de Agricultura e Alimentación.

Artigo 37. Medidas cautelares respecto da expedición de certificados.

A Dirección Xeral de Sanidade da Produción Agraria poderá, de maneira cautelar e motivada, limitar ou impedir total ou parcialmente a expedición de certificados fitosanitarios de exportación nos seguintes casos:

a) A concorrencia de motivos fitosanitarios ou de calquera outro fenómeno ou causa que poida constituír un grave perigo para a sanidade vexetal, derivados da exportación de determinados produtos en función da súa natureza ou procedencia, comunicados pola autoridade competente en cada caso.

b) A inclusión de parcelas de cultivo ou de instalacións nunha zona demarcada, declarada en aplicación da normativa vixente, en relación con algún organismo nocivo que garde relación co produto que se vai exportar.

c) A sospeita fundada ou a confirmación de que o exportador ou os operadores incumpren algún dos requisitos específicos exixidos para a exportación por un país terceiro ou pola normativa nacional ou da Unión Europea.

d) A sospeita fundada ou a confirmación de que a documentación presentada polo operador para solicitar a expedición de certificados fitosanitarios de exportación pendentes de emitir ou xa emitidos contén información falsa ou incorrecta.

e) A exportación desde parcelas non declaradas no Rexistro Xeral da Produción Agraria (Rexepa) ou noutro rexistro de carácter oficial asimilado.

A medida que acorde limitar ou impedir total ou parcialmente a expedición de certificados retirarase cando desaparecesen ou se corrixisen as causas que a motivaron. Nos casos previstos nos parágrafos c) e d) requirirase á autoridade competente da comunidade autónoma a emisión dun informe oficial ao respecto.

Artigo 38. Medidas cautelares respecto de entidades auditoras, axentes de control e laboratorios designados.

1. A Dirección Xeral de Sanidade da Produción Agraria poderá suspender temporalmente os efectos da inclusión das entidades auditoras no rexistro previsto no artigo 34 en caso de detectárense incumprimentos no marco previsto nos artigos 7.5 e 8, ou ante calquera irregularidade detectada nos plans de auditoría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou plans de supervisión das comunidades autónomas, que non sexan causa de extinción da autorización.

2. A Dirección Xeral de Sanidade da Produción Agraria poderá, por solicitude da comunidade autónoma ou do propio axente, suspender temporalmente os efectos da inclusión dos axentes de control no rexistro previsto no artigo 34 cando conorra algunha das seguintes causas:

a) Solicitude xustificada do propio técnico ou da autoridade competente responsable da súa autorización.

b) Sospeita fundada do uso indebido da clave de acceso como usuario do CEXVEG ou das medidas de seguranza establecidas pola autoridade competente, polo propio técnico ou por terceiras persoas.

c) Sospeita fundada da emisión de atestacións fitosanitarias baseadas en información falsa, incorrecta, incompleta ou sen a realización das oportunas comprobacións, incumprindo as normas correspondentes.

3. A Dirección Xeral de Sanidade da Produción Agraria poderá, por solicitude da comunidade autónoma, suspender temporalmente os efectos da inclusión dos laboratorios designados no rexistro previsto no artigo 34, ante incumprimentos derivados do establecido no capítulo V ou derivados da detección de organismos nocivos cuxa ausencia fose

avalada previamente mediante proba analítica por un laboratorio designado, se non procede a extinción da autorización de acordo co artigo 39.3.

A dita suspensión requirirá unha investigación ou seguimento, que poderá derivar nunha sanción, segundo o establecido na normativa vixente, ou nun informe de seguimento para o levantamento da suspensión temporal. En todo caso, a Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria será informada previamente pola comunidade autónoma correspondente.

4. A Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria poderá dar por finalizada a suspensión dos efectos da inclusión no rexistro das entidades auditoras, axentes de control e laboratorios designados cando desaparezan as causas que a motivaron.

5. A suspensión dos efectos da inclusión no rexistro das entidades auditoras, axentes de control e laboratorios designados suporá a imposibilidade de que realicen as correspondentes funcións de acordo con este real decreto, en canto dure a suspensión.

6. As decisións de suspensión adoptadas pola Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria producirán efectos a partir do día seguinte ao da súa notificación. Estas decisións, que non esgotarán a vía administrativa, poderán impugnarse en alzada ante a persoa titular da Secretaría Xeral de Agricultura e Alimentación.

Artigo 39. Extinción da autorización ou revogación da designación, e baixa no rexistro de entidades auditoras, axentes de control e laboratorios designados.

1. A Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria declarará, logo do procedemento contradictorio correspondente, a extinción da autorización das entidades auditoras e a baixa no rexistro previsto no artigo 34, en caso de detectárense incumprimentos no marco previsto nos artigos 7.5 e 8, ou ante calquera irregularidade detectada nos plans de auditoría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou plans de supervisión das comunidades autónomas, en que concorra dolo ou negligencia inescusable, ou que causase un grave prexuízo á campaña ou campañas exportadoras.

2. Serán causas de extinción da autorización e cancelación da inscrición dos axentes de control no rexistro correspondente, logo do procedemento contradictorio correspondente, as seguintes:

- a) Falecemento, xubilación ou solicitude xustificada do técnico.
- b) Confirmación do uso indebido pola propia persoa usuaria da súa clave de acceso ou das medidas de seguranza establecidas pola autoridade competente.
- c) Confirmación da emisión de atestacións fitosanitarias baseadas en información falsa, incorrecta, incompleta ou sen a realización das comprobacións necesarias, violando as normas correspondentes.

3. A designación dos laboratorios poderá revogarse, coa correspondente baixa no rexistro previsto no artigo 34, logo do procedemento contradictorio correspondente, ante incumprimentos derivados do establecido no capítulo V ou derivados da detección de organismos nocivos cuxa ausencia fose avalada previamente mediante proba analítica por un laboratorio designado, en que concorra dolo ou negligencia inescusable ou que causase un grave prexuízo á exportación.

4. A baixa nos rexistros correspondentes suporá a imposibilidade de realizar as tarefas correspondentes. Nos supostos previstos nos números 2 e 3, a comunidade autónoma de que se trate comunicará de inmediato á Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria a extinción ou revogación.

5. As decisións de baixa adoptadas pola Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria terán efecto a partir do día seguinte ao da súa notificación. Estas decisións, que non esgotarán a vía administrativa, poderán impugnarse en alzada ante a persoa titular da Secretaría Xeral de Agricultura e Alimentación.

Artigo 40. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal; no título II da Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, sen prexuízo do resto das responsabilidades penais ou administrativas, civís ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición adicional única. *Medios para creación e funcionamento das aplicacións informáticas e rexistros.*

A creación e funcionamento das aplicacións informáticas e rexistros a que se refire o artigo 34 non suporá incremento do gasto público e serán atendidos cos medios persoais e materiais existentes no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Os rexistros reflectidos neste real decreto estarán dispoñibles no CEXVEG.

Disposición transitoria primeira. *Datos que constan no CEXVEG.*

Os datos que constan nas aplicacións informáticas e rexistros do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación no relativo ao ámbito de aplicación deste real decreto no momento da súa entrada en vigor incluíranse de oficio no CEXVEG e manterase a súa validez e eficacia.

Disposición transitoria segunda. *Entidades auditoras.*

As entidades auditoras autorizadas polas comunidades autónomas no momento da entrada en vigor deste real decreto pasarán a estar autorizadas con carácter nacional por un período transitorio de seis meses. Antes de transcorrer o dito prazo, as entidades auditoras deberán solicitar a súa autorización nas condicións establecidas neste real decreto, e a súa autorización entenderase prorrogada se presentan a documentación precisa, polo tempo que medie desde a solicitude até a notificación da resolución correspondente.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogados:

a) Os artigos 1.3 e 9, os anexos VI.d) e VI.f), así como as mencións a exportación, certificado fitosanitario de exportación e certificado fitosanitario de reexportación do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a terceiros países.

b) A Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 20 de febreiro de 1997 pola que se regula a autorización e o desenvolvemento das inspeccións fitosanitarias que se efectúen nos almacéns de envasamento para a exportación e reexportación a terceiros países de vexetais e produtos vexetais.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.*

O artigo 18.3, alínea I), do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da

Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, queda redactado como segue:

«l) Actuar como órgano de estudo e coordinación entre a Administración xeral do estado e as das comunidades autónomas en materia de control e certificación fitosanitaria en fronteira e de información entre elas sobre comercio exterior de vexetais no ámbito deste real decreto.»

Disposición derradeira segunda. *Títulos competenciais.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.10^a e 16.^a, primeiro inciso, da Constitución española, que reserva ao Estado a competencia exclusiva en materia de comercio exterior e sanidade exterior, respectivamente.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que, no ámbito das súas competencias, dite as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do establecido neste real decreto, así como para desenvolver e completar os datos dos anexos e modificar os modelos incluídos neles.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o 2 de xaneiro de 2022.

Dado en Madrid o 1 de xuño de 2021.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,

LUIS PLANAS PUCHADES

ANEXO I

Parte A

Requisitos da entidade auditora

1. As entidades auditoras deberán cumprir os seguintes requisitos:
 - Cumprir os requisitos da norma UNE-EN ISO/IEC 17065 «Requisitos para organismos que certifican produtos, procesos e servizos» no ámbito do esquema agroalimentario.
 - Dispor do persoal técnico cualificado en materia de sanidade vexetal. Este persoal, responsable da realización das inspeccións, deberá estar inscrito no Rexistro Oficial de Produtores e Operadores (ROPO), na sección de asesoramento, segundo o establecido no artigo 42 do Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sustentable dos produtos fitosanitarios.
 - Encontrarse ao día nas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.
2. As entidades auditoras que desexen ser autorizadas para efectos deste real decreto acompañarán a solicitude coa seguinte documentación:
 - Declaración responsable relativa ao cumprimento das normas UNE-EN ISO/IEC 17065 no ámbito do esquema agroalimentario.
 - Identificación legal da empresa ou entidade.
 - Inscripción no Rexistro Oficial de Produtores e Operadores (ROPO), na sección de asesoramento, do persoal que vaia realizar as tarefas de inspección.
 - Declaración responsable en que se confirme o seguinte:
 - Que se declara imparcial e que non ten ningún conflito de intereses no que respecta ao exercicio das tarefas que desenvolva de acordo con este real decreto.
 - Que son certos os datos alegados e a documentación presentada.
 - Declaración responsable de que non foi sancionado en virtude de expediente incoado por prácticas profesionais inadecuadas nos dous últimos anos nin está en período de inhabilitación.

SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE ENTIDADES AUDITORAS

D./D.^a:
con NIF/NIE: polos poderes que presenta, en representación da ENTIDADE AUDITORA expón que solicita (sinalar só unha):

AUTORIZACIÓN INICIAL

- Neste caso incluír país/produto para o cal solicita autorización segundo o artigo 7

BAIXA

RAZÓN SOCIAL:

NIF:

Domicilio (rúa, nº, localidade, provincia, código postal):

.....

.....

DATOS DE CONTACTO:

Persoa de contacto:

Nº teléfono:

Correo electrónico:

En caso de solicitude de autorización inicial, a entidade auditora manifesta que desexa solicitar a súa autorización e incorporación ao rexistro de entidades auditoras no CEXVEG (segundo o establecido no artigo 7 do Real decreto polo que se regula o réxime de certificación fitosanitaria oficial para a exportación de vexetais e produtos vexetais), para poder operar nas campañas específicas de exportación no territorio nacional.

Sinatura do representante,

..... de de 20

En virtude da documentación adxunta:

- Persoa xurídica: poder notarial (orixinal ou copia auténtica) que acredite a representación en nome do operador/entidade auditora.
- Declaración responsable relativa ao cumprimento das normas UNE-EN ISO/IEC 17065 no ámbito do esquema agroalimentario.
- Identificación legal do organismo.
- Relación do persoal técnico que vai realizar as tarefas de comprobación fitosanitaria.
- Inscrición no Rexistro Oficial de Produtores e Operadores (ROPO), na sección de asesoramento, do persoal técnico mencionado no punto anterior.
- Declaración responsable en que se confirme o seguinte:
 - Que se declara imparcial e que non ten ningún conflito de intereses no que respecta ao exercicio das tarefas que desenvolva de acordo con este RD.
 - Que son certos os datos alegados e a documentación presentada.
 - Declaración responsable de que non foi sancionado en virtude de expediente incoado por prácticas profesionais inadecuadas nos dous últimos anos nin está en período de inhabilitación.
 - Certificado de estar ao día nas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, no caso de que non dea o seu consentimento expreso para que a Administración poida comprobar directamente ou obter eses documentos.

Información sobre datos de carácter persoal

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación mantén un compromiso de cumprimento da lexislación vixente en materia de tratamento de datos persoais e seguranza da información co obxecto de garantir que a recolla e tratamento dos datos facilitados se realiza conforme o Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos (RXPDP), e da normativa nacional vixente na materia. Por este motivo, ofrecémoslle a seguir información sobre a política de protección de datos aplicada ao tratamento dos datos de carácter persoal derivado das solicitudes de autorización de entidades auditoras no ámbito da Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria.

- 1. Responsable do tratamento:** Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación
Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria (Bzn-dgspa@mapa.es)
Delegado de Protección de Datos: bzn-delegadosPD@mapama.es
- 2. Finalidade do tratamento:** os datos persoais incorporados serán utilizados exclusivamente para xestionar as solicitudes de autorización de entidades auditoras e conservaranse en canto a lexislación aplicable obrigue á súa conservación (Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español).
- 3. Lexitimación do tratamento:** o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento e para o cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao responsable do tratamento de acordo co Regulamento (UE) 2016/2031, do 26 de outubro de 2016, relativo ás medidas de protección contra as pragas dos vexetais; o Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2017, relativo aos controis e outras actividades oficiais, e a Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal.
- 4. Destinatarios dos datos:** non se levan a cabo cesións de datos nin transferencias internacionais de datos, salvo as previstas legalmente (outros ministerios ou organismos dependentes deles, como a Axencia Estatal de Administración Tributaria ou o Instituto Nacional da Seguridade Social, comunidades autónomas, forzas e corpos de seguranza e autoridades xudiciais).
- 5. Dereitos sobre o tratamento de datos:** conforme o previsto no RXPDP, poderá solicitar ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través da súa sede electrónica (<https://sede.mapa.gob.es/>), o acceso, rectificación e supresión dos seus datos persoais, a limitación e oposición ao tratamento dos seus datos e a non ser obxecto de decisións automatizadas. Así mesmo, se considera vulnerados os seus dereitos, poderá presentar unha reclamación de tutela ante a Axencia Española de Protección de Datos (<https://sedeagpd.gob.es/>).

Parte B

Requisitos do axente de control

1. Os axentes de control deberán cumprir os seguintes requisitos:
 - Estar inscritos no Rexistro Oficial de Produtores e Operadores (ROPO), na sección de asesoramento, segundo o establecido no artigo 42 do Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sustentable dos produtos fitosanitarios.
 - Contar con experiencia acreditada de, ao menos, 2 anos, en sanidade vexetal ou xestión integrada de pragas.
 - Ter realizado previamente o curso sobre normativa fitosanitaria básica relativa á exportación, organizado pola Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria en colaboración coas comunidades autónomas. O contido do curso, incluídas as horas lectivas, estará normalizado a nivel estatal e será aprobado polo grupo de traballo de comercio exterior constituído no seo do Comité Fitosanitario Nacional.
 - Non ter sido sancionado en virtude de expediente incoado por prácticas profesionais inadecuadas nos últimos dous anos nin estar en período de inhabilitación.

Encontrarse ao día na obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

2. Os axentes de control que desexen ser autorizados para efectos deste real decreto acompañarán a solicitude coa seguinte documentación:
 - Inscripción no Rexistro Oficial de Produtores e Operadores (ROPO), na sección de asesoramento, ou comprobación da inscrición por parte da autoridade competente.
 - Documentación que acredite a súa experiencia de, ao menos, 2 anos, en sanidade vexetal ou xestión integrada de pragas,
 - Acreditación de ter recibido a formación sobre a normativa fitosanitaria e de exportación de vexetais realizada nos dous últimos anos.
 - Declaración responsable en que se confirme o seguinte:
 - Que se declara imparcial e que non ten ningún conflito de intereses no que respecta ao exercicio das tarefas que desenvolva de acordo con este real decreto.
 - Que son certos os datos alegados e a documentación presentada.
 - Declaración responsable de que non foi sancionado en virtude de expediente incoado por prácticas profesionais inadecuadas nos dous últimos anos nin está en período de inhabilitación.

SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE AXENTE DE CONTROL

D/D^a:
con NIF/NIE: solicita (sinalar só unha):

AUTORIZACIÓN INICIAL

BAIXA

Domicilio (rúa, nº, localidade, provincia, código postal):
.....
.....
.....

DATOS DE CONTACTO:

Nº teléfono:

Correo electrónico:

Comunidade autónoma a que solicita a autorización:

En caso de solicitude de autorización inicial, a persoa solicitante manifesta que desexa solicitar a súa autorización e incorporación ao rexistro de axentes de control no CEXVEG (segundo o establecido no artigo 10 do Real decreto 387/2021, do 1 de xuño, polo que se regula o réxime de certificación fitosanitaria oficial para a exportación de vexetais e produtos vexetais), para poder operar nas campañas de exportación xeral na comunidade autónoma responsable da autorización.

Sinatura,

..... de de 20

En virtude da documentación adxunta:

- Inscripción no Rexistro Oficial de Produtores e Operadores (ROPO), na sección de asesoramento.
- Documentación que acredite a súa experiencia de, ao menos 2 anos, en sanidade vexetal ou xestión integrada de pragas.
- Acreditación de ter realizado o curso sobre a normativa fitosanitaria básica relativa á exportación, organizado pola DXSPA.
- Declaración responsable en que se confirme o seguinte:
 - Que se declara imparcial e que non ten ningún conflito de intereses no que respecta ao exercicio das tarefas que solicita que lle sexan autorizadas de acordo con este RD.
 - Que son certos os datos alegados e a documentación presentada.
 - Declaración responsable de que non foi sancionado en virtude de expediente incoado por prácticas profesionais inadecuadas no ano en curso ou nos dous últimos anos nin está en período de inhabilitación.
- Certificado de estar ao día nas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, no caso que non dea o seu consentimento expreso para que a Administración poida comprobar directamente ou obter eses documentos.

Información sobre datos de carácter persoal

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación mantén un compromiso de cumprimento da lexislación vixente en materia de tratamento de datos persoais e seguranza da información co obxecto de garantir que a recolla e tratamento dos datos facilitados se realiza conforme o Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos (RXPd), e da normativa nacional vixente na materia. Por este motivo, ofrecémoslle a seguir información sobre a política de protección de datos aplicada ao tratamento dos datos de carácter persoal derivado das solicitudes de autorización de entidades auditoras no ámbito da Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria.

- 1. Responsable do tratamento:** Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación
Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria (Bzn-dgspa@mapa.es)
Delegado de Protección de Datos: bzn-delegadosPD@mapama.es
- 2. Finalidade do tratamento:** os datos persoais incorporados serán utilizados exclusivamente para xestionar as solicitudes de autorización de axentes de control e conservaranse en canto a lexislación aplicable obrigue á súa conservación (Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español).
- 3. Lexitimación do tratamento:** o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento e para o cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao responsable do tratamento de acordo co Regulamento (UE) 2016/2031, do 26 de outubro de 2016, relativo ás medidas de protección contra as pragas dos vexetais; o Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2017, relativo aos controis e outras actividades oficiais, e a Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal.
- 4. Destinatarios dos datos:** non se levan a cabo cesións de datos nin transferencias internacionais de datos, salvo as previstas legalmente (outros ministerios ou organismos dependentes deles, como a Axencia Estatal de Administración Tributaria ou o Instituto Nacional da Seguridade Social, comunidades autónomas, forzas e corpos de seguranza, e autoridades xudiciais).
- 5. Dereitos sobre o tratamento de datos:** conforme o previsto no RXPd, poderá solicitar ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través da súa sede electrónica (<https://sede.mapa.gob.es/>), o acceso, rectificación e supresión dos seus datos persoais, a limitación e oposición ao tratamento dos seus datos e a non ser obxecto de decisións automatizadas. Así mesmo, se considera vulnerados os seus dereitos, poderá presentar unha reclamación de tutela ante a Axencia Española de Protección de Datos (<https://sedeagpd.gob.es/>).

ANEXO II

Parte A

Lista de comprobación de requisitos para a autorización de almacén de confección de froita e hortaliza, para a realización de inspección de exportación

A. Iluminación.	SI	NON	OBSERVACIÓNS
1. Os locais en que os produtos son descargados, inspeccionados ou almacenados contan cunha iluminación natural ou artificial adecuada conforme o disposto no RD 486/97, cun límite mínimo de 500 luxes.			
2. Área de inspección con luz suficiente, preferentemente natural e, se é artificial, é como mínimo de 1.000 luxes conforme o RD 486/97.			
B. Área de inspección.	SI	NON	OBSERVACIÓNS
1. Illada e de dimensións suficientes (mínimo de 25 m ²). A zona permite a correcta inspección, manipulación e movemento da mostra vexetal que se vai inspeccionar. A zona de acceso ten as dimensións suficientes para permitir a entrada do material vexetal que se vai inspeccionar.			
2. A área de inspección conta con paredes, pisos e teitos fáciles de limpar, así como con desaugadoiros.			
C. Molles de carga e descarga asociados á área de inspección.	SI	NON	OBSERVACIÓNS
1. Conta cun sistema de dobre porta, cortina de vento ou sistema similar que evita calquera posible contaminación fitosanitaria.			
D. Equipamento.	SI	NON	OBSERVACIÓNS
1. Medios suficientes para o movemento de mercadoría, por exemplo, carretas eléctricas, portapalés, que permiten a carga da mercadoría no menor tempo posible para evitar calquera rotura da cadea de frío.			
